

Toponimia maior da parroquia de Taragoña (Rianxo, O Barbanza). Estudo etimolóxico

Gonzalo Hermo González

Asociación Galega de Onomástica – Instituto da Lingua Galega – Universidade de Santiago de Compostela

gonzalo.hermo@gmail.com

Recibido o 14/05/2012. Aceptado o 30/10/2012

Resumo

Este traballo ten por obxectivo abordar a análise etimolóxica da toponimia maior da freguesía de San Salvador de Taragoña (Rianxo, O Barbanza). Para esta fin, pártense dos nomes de lugar adscritos á parroquia que figuran no *Nomenclátor de Galicia*. Ademais, incorpóranse os topónimos que, sen se recolleren no *Nomenclátor*, nomean igualmente núcleos habitados de Taragoña. A pretensión deste artigo é que sexan tidos en consideración en revisións vindeiras. Para a análise do corpus, bótase man de fontes autorizadas, discutindo, se as houbese, as distintas propostas etimolóxicas en base ás características orográficas e históricas de cada localidade. Para aqueles topónimos que non están estudados lanzaranse hipóteses etimolóxicas propias. O traballo tamén se presenta como un labor de pescuda a través da documentación antiga dos nomes de lugar, con especial atención ás atestacións medievais, pero engadindo, cando interese, información tirada de rexistros posteriores, coma o catastro de Ensenada e o dicionario de Madoz.

Palabras chave

Toponimia, etimoloxía, léxico

Sumario

1. Introducción. Obxectivos e metodoloxía. 2. Clasificación do corpus. 3. Orotopónimos. 3.1. [Barreiras, As]. 3.2. Burata, A. 3.3. Burato, O. 3.4. Coviña, A. 3.5. [Coveliño, O]. 3.6. [Curuto, O]. 3.7. Dorna. 3.8. [Lomba, A]. 3.9. Monte de Dorna. 3.10. [Montiño, O]. 3.11. Moroso, O. 3.12. Outeiro. 3.13. Paradela. 4. Agrotopónimos. 4.1. Campo da Feira, O. 4.2. Campo(s) de Pazos. 4.3. [Curral, O]. 4.4. Senra, A. 4.5. Pastoriza. 5. Ecotopónimos. 5.1. Castriño, O. 5.2. Igrexa, A. 5.3. [Porto, O]. 5.4 [Torre, A]. 6. Litotopónimos. 6.1. Corques. 6.2. Laxe, A. 6.3. [Laxe Pequena, A]. 6.4. Pedriñas, As. 7. Hidrotopónimos. 7.1. Fonte Susán. 7.2. Iñobre. 7.3. Taragoña. 7.4. Té. 8. Hodotopónimos. 8.1. Cruceiro, O. 8.2. Cruz, A. 8.3. [Revolta, A]. 9. Fitotopónimos. 9.1. [Brañas, As]. 9.2. [Bugallón, O]. 9.3. [Devesa, A]. 10. Antropotopónimos. 10.1. Cartomil. 10.2. Chorente. 10.3. Ourille. 10.4. Ourolo. 11. Topónimos de orixe incerta. 11.1 Cuvide. 11.2. Fachán. 11.3. [Meco, O]. 11.4. [Périto, O]. 11.5. [Poste, O]. 12. Cabo.

Place names in the parish of Taragoña (Rianxo, O Barbanza). Etymological study

Abstract

The main aim of this paper is to analyze the etymologies of place names in San Salvador de Taragoña (Rianxo, O Barbanza). First of all, names assigned to the parish listed in the *Nomenclátor de Galicia* are examined; however, the paper's scope has been extended to include names not contained in the *Nomenclátor* but also designating inhabited areas within the parish. The article suggests that the latter might be taken into account in future revisions of the *Nomenclátor*. Authorized sources are used for the analysis of the corpus, discussing different proposed etymologies in the light of each place's terrain and history. I suggest etymologies for place names not previously analyzed. The paper includes references to medieval texts in which a given place is mentioned as well as information from the Ensenada register and Madoz's dictionary.

Keywords

Place names, etymology, lexicon

Contents

1. Introduction. Aims and method. 2. Corpus classification. 3. Place names referring to landforms. 3.1. [Barreiras, As]. 3.2. Burata, A. 3.3. Burato, O. 3.4. Coviña, A. 3.5. [Coveliño, O]. 3.6. [Curuto, O]. 3.7. Dorna. 3.8. [Lomba, A]. 3.9. Monte de Dorna. 3.10. [Montiño, O]. 3.11. Moroso, O. 3.12. Outeiro. 3.13. Paradela. 4. Place names referring to husbandry and land use. 4.1. Campo da Feira, O. 4.2. Campo(s) de Pazos. 4.3. [Curral, O]. 4.4. Senra, A. 4.5. Pastoriza. 5. Place names referring to buildings. 5.1. Castriño, O. 5.2. Igrexa, A. 5.3. [Porto, O]. 5.4 [Torre, A]. 6. Place names referring to soil composition. 6.1. Corques. 6.2. Laxe, A. 6.3. [Laxe Pequena, A]. 6.4. Pedriñas, As. 7. Place names referring to rivers, springs or bodies of water. 7.1. Fonte Susán. 7.2. Iñobre. 7.3. Taragoña. 7.4. Té. 8. Place names referring to roads or pathways. 8.1. Cruceiro, O. 8.2. Cruz, A. 8.3. [Revolta, A]. 9. Place names referring to vegetation. 9.1. [Brañas, As]. 9.2. [Bugallón, O]. 9.3. [Devesa, A]. 10. Place names referring to given names. 10.1. Cartomil. 10.2. Chorente. 10.3. Ourille. 10.4. Ourolo. 11. Place names of dubious origin. 11.1 Cuvide. 11.2. Fachán. 11.3. [Meco, O]. 11.4. [Périto, O]. 11.5. [Poste, O]. 12. Conclusion.

A investigación que conduciu á publicación deste traballo foi parcialmente realizada ao abeiro dunha bolsa-contrato do programa FPU do Ministerio de Cultura, Educación e Deporte, na convocatoria de 2012.

1. INTRODUCCIÓN. OBXECTIVOS E METODOLOXÍA

Este artigo acolle unha dobre finalidade. En primeiro lugar, busca ofrecer a etimoloxía e motivación orixinal dos nomes que se refiren no momento presente a entidades de poboación da freguesía de Taragoña (Rianxo, O Barbanza)¹. En segundo termo, compila aqueles topónimos maiores que non foron incluídos no *Nomenclátor de Galicia* (en diante, NG), oficializado pola Xunta de Galicia en 2004 en base ás recomendacións da Comisión de Toponimia, coa intención de que sexan incorporados en revisións próximas. En todos os casos, trátase de pequenos núcleos de poboación, de carácter rural, constituídos por máis dunha casa habitada, cualificados polos fregueses como *aldeas*.

O corpus estudado inclúe, pois, os lugares adscritos a Taragoña que aparecen recollidos no NG e aqueles outros que, sen que figuren nel, constitúen igualmente zonas habitadas da parroquia. Os motivos para que este último grupo de topónimos estea ausente no *Nomenclátor* poden ser de diversa orde, pero da abordaxe aquí presentada despréndese que, en boa parte dos casos, a devandita ausencia se xustifica por seren zonas poboadas desde época moi recente.

Tocante aos topónimos que constan no NG, cabe dicir que responden na súa meirande parte ás formas que se escoitan na parroquia, as que efectivamente usan os fregueses, incluída a presenza/ausencia do artigo. Así pois, só farei referencia a esta cuestión nos casos en que se produza algún tipo de diverxencia entre a solución oficial e a da fala local (cfr. § 4.2) ou ben cando exista máis dunha denominación para unha mesma aldea (cfr. § 6.2).

Para a colleita dos topónimos non incluídos no NG partín do coñecemento persoal sobre o territorio e da pregunta directa aos veciños de Taragoña, tendo en conta as directrices seguidas no Proxecto Toponimia de Galicia (López/Castro/Feijoo/López 2007: 753-765). A forma gráfica deste grupo de nomes foi establecida de acordo cos criterios da Comisión de Toponimia (CCT: 809-811).

Os étimos presentados e as notas semánticas sobre os nomes de lugar responden, cando é posible, a fontes autorizadas. Naqueles exemplos dos que non dispoñemos de bibliografía relevante ou que, aínda habéndoa, as teses lanzadas nela son discutibles, expoñerei propostas etimolóxicas propias, advertindo sempre de que se trata de hipóteses provisionais suxeitas a novas achegas e contribucións.

Agrupo os topónimos de acordo cun criterio de tipo toposemántico e, dentro de cada epígrafe, organízoo por orde alfabética. Nas entradas fornezo información relativa á etimoloxía e significado das formas, facendo mención aos distintos sentidos con que a palabra se recolle nos estudos de onomástica e na lexicografía galega ata concretar a cal deles responde o nome da aldea analizado. Tamén me referirei á documentación antiga de cada localidade, con especial atención ás atestacións medievais. Se non contamos con testemuños da Idade Media, entón incorpo información tirada de rexistros posteriores, coma o *Catastro de Ensenada* (s. XVIII) e o *Diccionario geográfico-estadístico-histórico* de Madoz (s. XIX)². Os topónimos que non aparecen no NG márcosos entre parénteses cadradas.

¹ Cando neste traballo se fale do *significado* e a *etimoloxía* dun topónimo hai que entender que nos referimos ao elemento léxico utilizado para a creación dese nome de lugar e non ao topónimo en si mesmo, que, *sensu stricto*, posúe un carácter puramente identificador. As expresións citadas utilízanse por comodidade e para evitar sobrecargar o artigo de puntualizacións que damos, en diante, por entendidas.

² Do punto de vista da evolución lingüística das formas, os datos tirados de Ensenada e Madoz hai que tomarlos con precaución, pois os topónimos aparecen castellanizados acotío. Por ese motivo, non entrarei a comentar polo miúdo a información que destas fontes fun colleitando, senón que me limitarei a rexistrar a presenza ou ausencia do topónimo co obxectivo de confirmar se as localidades estudadas que carecen de atestacións medievais estaban habitadas nos séculos XVIII ou XIX. Aínda así, sempre que a forma recollida apareza deturpada (cfr. § 8.1) ou presente erros (cfr. § 7.1) farei unha breve mención no corpo da entrada.

2. CLASIFICACIÓN DO CORPUS

Existen distintos modelos de clasificación da toponimia, ningún dos cales se pode considerar definitivo. A meirande parte deles coinciden en distribuír o léxico toponímico en campos semánticos, pero o establecemento deses campos varía duns estudosos a outros en función de cal sexa o corpus ao que se enfronten. Nos estudos de toponimia galega hai, de feito, distintos marcos de categorización, dos que podemos destacar os desenvolvidos por Palacio (1981), Rivas (1982) e Marqués (2004). Neste traballo optouse por partir da clasificación establecida por Martínez Lema (2010) na súa tese de doutoramento, por ser a que mellor se axusta á toponimia maior de Taragoña. Así pois, seguindo ao devandito toponomástico, distingo, nun primeiro nivel de categorización, a *toponimia delexical*, isto é, aquela que procede de elementos do repertorio léxico da lingua (en calquera dos seus estadios, presentes e pasados), e *toponimia deonomástica*, a creada a partir de elementos onomástico preexistentes (Martínez Lema 2010: 39-41). Dentro de cada un destes grupos, establezo, aínda, unha serie de subcategorías de tipo toposemántico. No que a este artigo interesa, a toponimia delexical queda subcategorizada en *orotoponimia* (alusiva ás características do solo), *litotoponimia* (onde permea o trazo semántico 'pedra'), *ecotoponimia* (a que designa construcións humanas), *agrotoponimia* (topónimos vinculados coas actividades agrarias e o aproveitamento do terreo), *hodotoponimia* (referida ás vías de comunicación) e *hidrotoponimia* (relacionada coa auga). Todos os topónimos de tipo deonomástico considerados neste traballo pertencen a un mesmo subtipo, a *antropotoponimia* (derivada dun nome persoal), polo que non se terán en conta outros subgrupos³. Abro, aínda, un terceiro apartado para aglutinar os topónimos de orixe incerta ou dubidosa.

Algúns nomes de lugar teñen máis dun sentido e poderían figurar en apartados distintos en función do seu referente (cfr. § 3.1). Aquí figuran naquela epígrafe que mellor se adecúa ao significado que se desprende da localidade de Taragoña á que lle dan nome. Os topónimos compostos clasifícoos segundo o seu sentido en tanto que unidade, non dos elementos que os compoñen por separado⁴. Se existen dúbidas sobre a adscripción dun nome de lugar a un tipo determinado, márcoo cun signo de interrogación encerrado entre parénteses detrás do nome. Esas dúbidas serán discutidas ao longo do artigo.

Toponimia delexical

- Orotopónimos: *As Barreiras* (?), *A Burata*, *O Burato*, *A Coviña*, *O Coveliño*, *O Curuto*, *Dorna*, *A Lomba*, *Monte de Dorna*, *O Montiño*, *O Moroso* (?), *Outeiro*, *Paradela*
- Agrotopónimos: *Campo da Feira*, *Campo(s) de Pazos*, *O Curral*, *A Senra*, *Pastoriza*
- Ecotopónimos: *O Castriño*, *A Igrexa*, *O Porto*, *A Torre*
- Litotopónimos: *Corques*, *A Laxe*, *A Laxe Pequena*, *As Pedriñas*
- Hidrotopónimos: *Fonte Susán*, *Iñobre* (?), *Taragoña*, *Té*
- Hodotopónimos: *O Cruceiro* (?), *A Cruz* (?), *A Revolta*
- Fitotopónimos: *As Brañas*, *O Bugallón*, *A Devesa*

Toponimia deonomástica

- *Antropotopónimos*: *Cartomil*, *Chorente*, *Ourille*, *Ourolo*

Toponimia de orixe incerta: *Cuvide*, *Fachán*, *O Meco*, *O Périto*, *O Poste*

³ Dentro da toponimia deonomástica, Martínez Lema (2010: 41) reconece outras tres categorías, ademais da antropotoponimia, a saber, a *etnotoponimia*, derivada do nome dunha colectividade ou grupo étnico, a *haxiotoponimia*, con orixe no nome dun santo, e os *xentilicios*, coma *Cumbráns* ou *Canduas*.

⁴ En topónimos formados por máis dun lexema xorde a dúbida de a que elemento atender á hora de abordar a súa clasificación semántica. *Campos de Pazos*, por exemplo, pode considerarse agrotopónimo (atendendo ao sentido de *Campos*) ou ecotopónimo (centrándonos en *Pazos*). Partindo da premisa de que o significado nuclear da forma composta é o de *Campos*, non por acaso marcado sintacticamente como núcleo de frase nominal, neste artigo incluíremolo na agrotoponimia.

3. OROTOPÓNIMOS

3.1. [Barreiras, As]

É unha forma problemática do punto de vista da súa etimoloxía e significado toponímico. Podería pensarse, como fan Rivas (1982: 32-33) e outros, nunha forma feminina de *barreiro*, tamén frecuente na toponimia, que deriva da voz de orixe prelatina *barro*. Con todo, Gonzalo Navaza (2007b: 33) apunta á posibilidade de que o topónimo proceda, non do mesmo étimo ca *barro*, senón ca *barranco*. Nese caso, *As Barreiras* sería orotopónimo e designaría un descenso brusco e profundo do terreo, na liña do significado do seu parente *barranco*. A hipótese de Navaza axústase ben á xeomorfoloxía da nosa localidade, que se sitúa nunha pendente abondo pronunciada. Non obstante, a proposta de Rivas parece acaída para os distintos lugares de Marín chamados *A Barreira* que el analiza no seu estudo e que constitúen, segundo as súas propias palabras, terreos onde abunda a arxila. O máis probable é que as 70 entidades de poboación recollidas no NG que se chaman (*A*) *Barreira* e *As Barreiras*, xunto a compostos coma *A Pena Barreira* (Curantes, A Estrada) e *As Vendas da Barreira* (Santa María de Riós, Riós), haxa que organizalos en dous grupos distintos de topónimos homónimos: uns abundanciais de *barro*, zonas ricas en lama, e outros emparentados con *barranco*, que sinalan pendentes no terreo. A observación directa sobre o territorio pode inclinar a balanza dun lado ou do outro.

3.2. Burata, A

O substantivo feminino *burata* 'burato ou cavidade grande' (DRAG) formouse a partir de *burato* mediante un proceso derivativo asociado ao cambio de clase de xénero que marca a nova peza léxica co trazo semántico [amplitude extensa] (cfr. § 3.3). É o mesmo fenómeno que observamos nos pares *mazo/maza*, *saco/saca* ou *zoco/zoca* (Álvarez/Xove 2002: 398).

O NG rexistra seis entidades de poboación chamadas *A Burata*, ás que hai que engadir unha localidade da parroquia de Burres, en Arzúa, que presenta o plural *As Buratas*. A forma *Buraca*, frecuente na toponimia portuguesa (Machado 2003 v. I: 294), só figura no *Nomenclátor* para nomear un lugar da parroquia de Cans, no Porriño, aínda que si é habitual como microtopónimo (PTG).

O nome deste lugar debe contar cun significado similar ao de *Burato* (cfr. 3.3). A localidade non se menciona na documentación medieval. Tampouco aparece no catastro de Ensenada nin no dicionario de Madoz. Si se recolle no NG.

3.3. Burato, O

Un *burato* ou *buraco* é unha abertura ou cavidade, xeralmente arredondada, que pode traspasar unha superficie ou un corpo sólido (DRAG). O substantivo presenta unha etimoloxía escura. Sarmiento (DdD) suxire o grego *OULAKKOS* 'orificio', mais esta hipótese, imposible de soste-lo punto de vista da historia externa e interna da lingua⁵, vén sendo substituída en datas máis recentes por propostas que inciden na relación do termo co latín tardío *FÖRĀTU(M)*, derivado de *FÖRĀRE* 'perforar', de onde proceden o substantivo masculino *furado* 'orificio, burato', así como o verbo *furar*. O caso de *burato/buraco* resulta, con todo, máis complexo, pois a bilabial inicial é difícil de xustificar se partimos de *FÖRĀTU(M)*. Wartburg pensou nun cruzamento entre *FÖRĀRE* e o xermánico **BAURAN*, con idéntico significado, que deduce do alemán antigo (DCECH v. III: 391). No entanto, parece máis razoable acreditar en Corominas/Pascual (DCECH v. III: 389-391) e Manuel Rabanal (1967: 74) cando apuntan na dirección dun étimo prerromano, probablemente celta. Fronte á

⁵ Ademais da dificultade fonética para facer derivar *burato* e *buraco* de *OULAKKOS* (como se explica o b- inicial ou rotacismo de -l- no canto da lenición?), sería realmente insólito que un termo grego que non entrou a través do latín callase no NO da Península e non deixase pegada no Mediterráneo.

hipótese xermánica de Wartburg, a proposta dun étimo celta emparentado co latín *FŌRĀRE* permite explicar o carácter noroccidental da palabra, que atopamos, con variantes, nas falas galegas, portuguesas, asturianas, leonesas e castelás estremeiras (DCECH v. III: 389). Na mesma liña, García de Diego (1985: 512) remite ao celta **BORA*, de onde tamén fai derivar o francés dialectal *bôre*, *bourette* 'burato'.

De acordo co NG, *Burato* é topónimo único. *Buraco* non figura. Non obstante, tanto *Burato* coma *Buraco* son frecuentes como microtopónimos (PTG), suxeitos a unha distribución de orde xeolingüística⁶. O seu significado toponímico debe ser similar ao de *Dorna* 'depresión do terreo' (cfr. § 3.7).

A localidade figura en Madoz (1846-1850 v. XIV: 590).

3.4. Coviña, A

Coviña é diminutivo de *cova* 'cavidade feita nun terreo'. *Cova* procede, pola súa vez, do adxectivo hispanolatino **CŌVA* 'oca, baleira', feminino de *CŌVUS/CŌUS*, variante arcaica de *CAVUS* (DCECH v. II: 282; Lorenzo 1977: 389).

Os lugares chamados *cova* e derivados adoitan asentarse en depresións do terreo. Deste xeito, o topónimo designa 'calquera tipo de concavidade orográfica' e non unicamente unha furna ou caverna (Navaza 2007a: 65).

Non figura na documentación medieval nin nos rexistros de Ensenada e Madoz.

3.5. [Coveliño, O]

Este nome de lugar, pronunciado [o kuβe'liño] na fala local pero que regularizamos graficamente como *O Coveliño* seguindo os criterios do NG (cfr. *infra*), engrosa unha lista de topónimos foneticamente moi próximos cuxa ambigüidade formal dificulta o establecemento da súa etimoloxía. Trátase das formacións construídas sobre as bases **COVA/U* e *CŪPA/U* e mais o sufixo diminutivo *-ELLA/US*. En principio, poderíamos pensar que *cova* e *covo* orixinasen os topónimos *Covelo* e *Covela* mentres que *Cubelo* e *Cubela* reflectisen unha base *cubo* e *cuba*. Mais o certo é que unha forma [ku'βelo] ou [ku'βelo] pode remitir a *cubo*, pero tamén a *covo*; do mesmo xeito, resultados cuxa pronuncia sexa [ko'βelo] ou [ko'βelo] son xustificables como derivados de *cubo* e non só de *covo*. Con certeza, *o/u* en posición átona poden mudar unha noutra de maneira non sistemática: *sobela/subela*, *nobelo/nubelo*, *botelo/butelo* (Santamarina 2008b: 613) (cfr. § 4.3).

Daquela, como discernir? O recurso máis seguro é botar man de documentación antiga, con especial atención á medieval. No caso que nos ocupa, isto non é posible, pois, ata onde sabemos, non existe ningunha mención documental da aldea que non sexa actual; de feito, nin sequera se recolle no NG. Polo tanto, só nos resta atender ao significado toponímico da forma e á harmonía coa toponimia veciña.

Na verdade, semella que o noso *O Coveliño* remite a unha depresión do terreo, significado que compartiría con outros topónimos da parroquia, non por acaso erguida sobre unha valgada. Véxanse, se non, os exemplos de *Dorna*, *O Burato* e *A Burata* (cfr. § 3.2, § 3.3, § 3.7). Ese é xustamente o significado orográfico de **COVA/U*, pero tamén pode selo de *Cuba* e derivados, nunha dimensión metafórica (Santamarina 2008b: 624-625). O parámetro semántico tampouco verte luz sobre a súa etimoloxía.

Que nos din, pois, os nomes de lugar circundantes? Como se sabe, un procedemento toponímico moi frecuente é designar unha localidade pola forma diminutiva dun lugar próximo

⁶ Material inédito do ALGA que tiveron a ocasión de consultar no ILG mostra que *burato* é a solución maioritaria, mentres que *buraco* se atopa restrinxido a algún punto da Costa da Morte, a costa pontevedresa e o Baixo Miño, o leste de Ourense, sur de Lugo e zonas limítrofes de Zamora e León. Se cruzamos estes datos cos tirados do PTG veremos que en puntos onde *Buraco* está presente na microtoponimia, hoxe a forma común é *burato*, o que suxire que a solución con [k] vén cedendo terreo á forma con [t], hoxe dominante.

(Santamarina 2008b: 614). Así acontece, por exemplo, con *Rianxiño* e *Rianxo* ou con *Dodriño* e *Dodro*. Deste xeito, *O Coveliño* debera xurdir dun *Covelo* que se atope preto. Hoxe non hai ningún *Covelo* ou *Cuvelo* na freguesía, nin tampouco posuímos ningunha evidencia da súa existencia noutras épocas, pero si temos constancia dun derivado de *cova* na contorna: *A Coviña* (cfr. § 3.4).

Os argumentos a favor dunha base *cova* para o noso topónimo son moito máis potentes ca os de *cuba*. Santamarina (2008b) demostrou que a meirande parte dos *Cuvelo/a/s* e *Cubelo/a/s* galegos que figuraban nos nomenclátors de España anteriores ao NG remiten a **COVA/U* e non a *CÚPA/U*, ata o punto de suxerir a posibilidade de que *cuba* non dispoña de derivados toponímicos en Galicia con sufixo *-elo/a*. *Cova* é, ademais, unha base moito máis produtiva na toponimia, con máis dunha decena de formas derivadas (*Covacho*, *Coval*, *Covás*, *Covallo*, *Covada*, *Coviña* etc.) e un número de rexistros moito máis alto no NG. Por maior abastanza, en Taragoña existe un lugar chamado *A Coviña*, claramente derivado de *cova*, pero ningún herdeiro claro de *Cuba*. Por todos estes motivos podemos afirmar como moi probable que o noso *O Coveliño* remita, en última instancia, a unha base **COVA/U*, no sentido de ‘depresión do terreo’.

Temos que facer mención, aínda, á cronoloxía do topónimo. A forma *Coveliño* é un diminutivo de *Covelo*, á súa vez tamén forma diminutiva. É dicir, a solución *Coveliño* tivo que ser creada nun momento en que o diminutivo *Cov-elo* xa estaba lexicalizado, o que nos conduce a pensar que a denominación da nosa aldea non pode ser moi antiga.

Malia que a pronuncia local sexa [o kuβɛˈliɲo], a incorporación desta localidade no NG significaría a súa regularización na forma gráfica *O Coveliño*, razón pola cal se optou neste traballo por escribir o no canto de *u*⁷. Como acabamos de ver, ese <o> está xustificado do punto de vista etimográfico.

3.6. [Curuto, O]

O substantivo masculino *curuto* é sinónimo de *cume*, *cima* e *bico*. Designa, pois, a parte máis elevada de algo, especialmente dun monte (DRAG). Corresponde co portugués *coruto*.

Anibal Otero (DdD) propón como étimo o latín *CORŌNA*(M). O sentido metafórico ‘parte máis elevada’ de *CORŌNA* aplicado á orografía parece estar presente, por exemplo, nas formas galegas *As Coroas* e *A/s Croa/s* ou no topónimo asturiano *Les Coronas*. No entanto, do punto de vista da fonética histórica é imposible facer derivar *curuto* de *CORŌNA*(M). Máis acertada semella a hipótese de Krüger (1956: 102-117), que aventura unha raíz prelatina **COR-* ‘punta, remate, cúspide’, de onde tamén procederían a variante *curucho*, o nome do monte veciño da *Curuta* e, por disimilación da vogal pretónica, *carocha* ‘vaíña que cobre a espiga de trigo’ e *caroza* ‘capa con carapucho de palla ou xuncos’, que remiten á mesma idea de ‘punta, extremo’.

A nosa localidade sitúase no alto do monte, nunha zona afastada doutros núcleos de poboación da parroquia. Permaneceu deshabitada ata hai ben poucos anos, o que explica a súa ausencia no NG.

3.7. Dorna

O substantivo feminino *dorna* sobrevive en galego moderno con dúas acepcións: ‘recipiente que recibe o viño despois de pisar as uvas’ e ‘pequena embarcación para a pesca de baixura’ (LNotasRianxo: 397). Existe, tamén, unha forma masculina *dorno* á que Carré lle atribúe o sentido de ‘lacena feita co tronco oco dunha árbore ou con cortiza onde se garda centeo, carne de porco etc.’ e Eladio Rodríguez ‘especie de barcal de figura naviforme que se emprega para recoller o viño que se verte ao medilo ou trasfegalo’ (DdD). Corresponden coas formas do asturiano, leonés e castelán antigo *duerna* e *duerno* ‘artesa’.

⁷ Esa decisión da Comisión de Toponimia recibiu a resposta irada de Edelmiro Bascuas (2002b) nun artigo titulado *¿Cubelas o Covelas?* Implicitamente, Antón Santamarina rebate a tese de Bascuas en “*Covelo, covela, cubelo, cubela*. Un problema gráfico e etimolóxico” (Santamarina 2008b).

É un termo de orixe dubidosa. A proposta etimolóxica clásica débémolla a Meyer-Lübke, seguido por García de Diego (1985: 1046), para quen o lexema xurdiu dun cruzamento entre as formas latinas *ŪRNA* 'urna' e *DŌLIUM* 'cántaro' (DCECH v. II: 531). Corominas/Pascual (DCECH v. II: 531-534) apóñenlle algunhas eivas a esta hipótese, principalmente a escaseza de resultados patrimoniais de *ŪRNA* e *DŌLIUM*, e, sobre todo, a imposibilidade de explicar a partir deses étimos a vogal tónica media aberta do galego e portugués e o ditongo do asturiano e español. Eles relacionan a palabra co occitano *dorn*, francés medio *dour* e francés dialectal *dorne*, que se refiren a unha medida de lonxitude tradicional que equivale ao puño dunha man, e mais co irlandés *dorn*, galés *dwrn* e bretón *dourn* 'man'. Así pois, sobre unha base celta **DRŪNO-* produciríase no norte e centro da Península un cambio semántico de 'medida de lonxitude' a 'medida de capacidade' e desta a 'perfia de contido equivalente a esta capacidade' ata chegar ás solucións romances *dorna* e *duerna*. Para xustificar o paso de *ū* a *ō*, os etimólogos botan man de reliquias celtas de estrutura semellante que vacilan no vocalismo entre [o] e [ɔ] (DCECH v. II: 531-534).

Máis recentemente, Sevilla Rodríguez (1992: 340-341) desbotou as propostas de Meyer-Lübke/García de Diego, por unha banda, e Corominas/Pascual, pola outra, e, con base en Pokorny (1959), postulou un radical indoeuropeo **DRŪNO-*, que aludiría a un produto traballado e obtido da madeira. A devandita raíz dedúcea a partir do antigo indio *drunam* 'arco', *drunahah* 'funda da espada', *drónam* 'recipiente de madeira, artesa, cubo', *drunih*, *druni*, 'artesa', albanés *drüni* 'cerollo, pasador de madeira' e irlandés antigo *dron* 'firme, sólido'. De **DRŪNO-* derivarían unhas formas orixinarias **DŌRNU*, **DŌRNA*, dos que procederían, respectivamente, as romances *duerno* e *duerna*, no centro da Península, e *dorno* e *dorna*, no occidente. Do punto de vista fonético, Sevilla xustifica a súa teoría apuntando a que a abertura de **ū* indoeuropeo non é un feito insólito; así ocorre, por exemplo, en irlandés e ocasionalmente en galo. Fronte á proposta de Corominas/Pascual, a hipótese de Sevilla presenta a vantaxe de establecer unha relación semántica máis transparente entre o étimo e o resultado romance.

O NG recolle nove entidades de poboación chamadas (*A/s*) *Dorna/s*, seis do diminutivo *Dornela/s*, unha do derivado *Dorneda*, cadansúa dos compostos *Monte de Dorna* e *Portadornas* e unha última da solución masculina correspondente *O Dorno*. Suman un total de dezasete localizacións, ás que hai que lles engadir un bo número de microtopónimos (PT). Non son, polo tanto, formas marxinais na toponimia galega.

Sobre o seu significado toponímico, téñense barallado distintas propostas. Ares (2011: 242) apunta á posibilidade de que remita a algunha cista funeraria prehistórica ou sartego pola semellanza cunha barca ou artesa. Silveira (1913: 1956) e Piel (1947b: 333-334), pola súa parte, relaciónano co sentido hidronímico de *ŌLLA*: 'remuíño' e 'escavación circular en forma de caldeira ou fondo de pote que ese remuíño produce coas pequenas pedras que fai xirar nun leito rochoso'. Na estela de Piel, Rohlfs (1951: 232) propón o significado de 'burato profundo no río'.

O certo é que a forma *Dornas* existe como hidrónimo en Galicia. Tal é o nome dun afluente do Xallas e dun río das terras de Quiroga que se menciona nun documento do Tombo de Celanova datado no ano 983: *rivulo Dornas* (CODOLGA). Isto deu pé a que Edelmiro Bascuas (2002a: 52) propuxese unha base prelatina **DHEU-* 'fluír', que estaría por detrás dos hidrónimos *Dornas* e *Duero/Douro*. Dada a afinidade lingüística entre os substantivos *dorna* e *duerna*, enriba debullada, poderíamos engadir a esa lista o hidrónimo *Duerna* (afluente do Órbigo, provincia de León) e, aínda, os varios ríos *Dora* do Piamonte que Rohlfs (1951: 232) pon en relación con *Duero*.

A evolución semántica da forma sería, pois, a seguinte: 'corrente fluvial' (hidrónimo) > 'canle, val' (topónimo) > 'recipiente' e 'embarcación' (substantivo común). Tendo en conta que os nomes dos ríos son, en moitas ocasións, auténticas reliquias léxicas de épocas remotas, parece sensato acreditar en Bascuas cando afirma que o significado hidronímico de 'corrente fluvial' foi o primario. A partir del teríase xerado o sentido toponímico de 'val, depresión do terreo' e, posteriormente, os de 'recipiente' e 'embarcación', que remiten á idea de concavidade, afin ao significado

do topónimo. O propio Bascuas establece evolucións semánticas idénticas para *artesa* e outras formas tiradas de linguas indoeuropeas que veñen reafirmar a súa hipótese.

Á luz dos topónimos que neste traballo interesan, *Dorna* e *Monte de Dorna*, resulta axeitado asumir a súa proposta, pois ambos os lugares se sitúan na valgada en que asenta a parroquia, ao pé do río Té. O mesmo pensa Cabeza Quiles (1992: 184), que asegura que os topónimos galegos *Dorna* e variantes se atopan sempre dando nomes a ríos e vales.

A localidade aparece mencionada nun manuscrito do TToxosoutos (635) datado en 1170: *Durna* (Martínez Lema 2008: 276).

3.8. [Lomba, A]

Os orotopónimos (*A/s*) *Lomba/s* e (*O/s*) *Lombo/s*, habituais na toponimia maior e na microtoponimia de Galicia (NG; PTG), dan nome a elevacións do terreo, xeralmente alongadas (Navaza 2007a: 69). Son casos de linguaxe metafórica aplicada ao relevo, que evocan a semellanza entre este tipo de formas topográficas e o lombo humano: lat. LŪMBU(M) > *lombo* 'costas' > *lomba* 'elevación do terreo' (Marqués 2004: 207-208).

3.9. Monte de Dorna

Cfr. § 3.10, § 3.7.

3.10. [Montiño, O]

É diminutivo de *monte*, do latín MŌNTE(M), con pechazón da vogal pretónica nun grao por influxo da nasal trabante. *Monte* e *Montiño* son topónimos recorrentes en Galicia que atopamos designando dúas realidades distintas: ben elevacións do terreo, ben terras sen cultivo poboadas de árbores e vexetación espontánea. Neste caso, atopámonos ante o segundo significado.

3.11. Moroso, O

É un topónimo problemático do punto de vista da súa etimoloxía. Se facemos caso á opinión popular, que se manifesta en brincadeiras a respecto dos veciños da localidade, a forma procede de *moroso* [persoa] que demora en exceso o pagamento dunha débeda, á súa vez do latín MORŌSU(M) 'malhumorado'. É obvio que, desde unha perspectiva lingüística, non podemos aceptar que exista relación entre o topónimo e a devandita palabra, non só porque se trataría dun caso insólito na toponimia iberorrománica, senón porque, en realidade, as formas son homógrafas, pero non homónimas: o adxectivo presenta vogal tónica medio pechada mentres que o nome da localidade se pronuncia con vogal tónica medio aberta: *Mor[ɔ]so*. Neste sentido, cómpre subliñar que a identificación entre o topónimo e o adxectivo *moroso* no imaxinario popular non provocou, polo momento, que a vogal tónica de *Mor[ɔ]so* pechase na fala da parroquia. O mantemento desa diferenza resulta especialmente útil do punto de vista da pescuda etimolóxica, pois, en principio, permite desbotar que o topónimo sexa resultado dun proceso derivativo mediante o sufixo adxectivo -oso, que en galego presenta [o]: *aband[o]so*, *ansi[o]so*, *arxil[o]so* (DPLG).

Unha posibilidade considerada por lingüistas coma Moralejo Laso (1977: 119) e Nieto Balles-ter (1997: 246-247) para os derivados da raíz *mor-* é que procedan de *MŌRA, variante tardía do latín *MŌRUM 'amora'. Rivas (1982: 87) descarta esta posibilidade baseándose na orixe foránea da moreira, que, segundo o autor, chegou serodidamente de Al-Andalus a medida que os cristiáns avanzaron na Reconquista. El apunta na dirección dunha raíz indoeuropea *MOR- 'rocha, monte', que tamén se atoparía por detrás de formas con ditongo do tipo *Mourente* ou *Moura*, por cruzamento con *mouro* (< latín MAŪRU 'invasor'), solucións formalmente próximas e con certa afinidade semántica (lembramos que na mitoloxía popular galega, os mouros eran os lendarios habitantes dos castros, edificacións situadas polo regular en terreos elevados, Martínez Lema 2007: 86-87).

Gonzalo Navaza (2006: 355-357) contravén a Rivas, adianta a chegada dunha especie de moeira á época romana e recoñece como fitotopónimos derivados de *MÓRA formas coma *Moreiras*, *Moreda* ou *Morás*. Con todo, o propio Navaza (2007a: 123) recoñece a pertinencia de reconstruír unha raíz prerromana *MOR- para outros nomes de lugar. O radical atópase ben atestado na toponimia de dentro e fóra da Península e, ademais, en galego parece estar por detrás de lexe-mas coma *morea* 'cantidade de cousas, especialmente as agrupadas en forma de montaña' ou *morouzo* 'montón de pedras miúdas' (DRAG).

Morouzo, e tamén *Morozo*, existen como topónimos en Galicia (Navaza 2007a: 123). Hubschmid (1955: 22) recoñece en *morouzo* un sufixo indoeuropeo -OUKIO, ao lado de -OUKO, que puido desditongar. Deste xeito, cabe ver en *Moroso* unha variante con seseo e redución do ditongo de *Morouzo*, aínda que estraña a abertura da vogal tónica. Sexa como for, parece oportuno rexeitar no noso caso a hipótese fitotoponímica e entender o nome do lugar como orotopónimo, máxime cando a localidade se sitúa nunha elevación do terreo que concorda co sentido da raíz *MOR-.

Non contamos con rexistros do lugar na documentación medieval nin tampouco se menciona no catastro de Ensenada nin no dicionario de Madoz.

3.12. Outeiro

Un *outeiro* é unha pequena elevación do terreo illada e de pouca extensión (DRAG). O termo é sinónimo de *lomba* (cfr. § 3.8) e designa unha realidade orográfica constante na xeografía galega, o que explica o seu éxito como topónimo, con máis de 500 resultados no NG e unha frecuencia altísima na microtoponimia (PTG). O apelido derivado atópase entre os vinte máis frecuentes de Galicia, se ben se conserva esencialmente na súa forma deturpada: *Otero* (CAG).

Outeiro é, probablemente, unha formación romance creada sobre *outo* 'alto' (< latín ALTU) e o sufixo *-eiro* (Álvarez Maurín 1994: 88-89). No entanto, a tese clásica parte dun radical *ALTARIU, orixinado a partir de ALTARIA, plural do neutro ALTARE 'altar', derivado de ALTUS 'alto, elevado' (Oríg. 408; García de Diego 1985: 460). O topónimo rexistrámolo xa no ano 922, nun documento incluído no Tombo de Celanova, onde figura a forma *Auteiro*, aínda sen asimilación (CODOLGA).

Con respecto á nosa aldea, menciónase por vez primeira en 1457, no LNotasRianxo (115): *Diego d'Outeyro de Taragoño*.

3.13. Paradela

Trátase do diminutivo de *parada*, pola súa vez de PARATA, forma feminina do participio de presente do verbo latino PARARE 'preparar'. Cabeza Quiles (2000: 299) atribúelles aos topónimos *Parada* e *Paradela*, numerosos en Galicia, o significado de 'descanso orográfico', o que concorda coa xeomorfoloxía do lugar aquí tratado.

A localidade aparece mencionada na documentación medieval: *Paradela* (LNotasRianxo: 92, 94, 103, 162, 182, 188).

4. AGROTOPÓNIMOS

4.1. Campo da Feira, O

O substantivo masculino *campo* 'superficie extensa de terra máis ou menos plana, onde non hai vivendas e que en xeral se pode dedicar ao cultivo' (DRAG), de enorme difusión na toponimia galega, procede do latín CAMPU(M), con idéntico significado. Pola súa parte, *feira* 'mercado público' é tamén un substantivo de orixe latina que deriva de FERIA, con metátese do iode.

O topónimo *O Campo da Feira* dá nome a entidades de poboación sitas nos concellos de Carballo, Cerceda, Friol, A Mezquita, O Páramo, A Pobra do Caramiñal, Salvaterra do Miño, Santa Comba, Val do Dubra, Vilasantar, Vimianzo, Xermade e este do concello de Rianxo (NG). Tamén se rexistra como microtopónimo (PTG). Refírese a espazos onde se celebra ou celebraba a feira parroquial. O mercado de Taragoña, dedicado fundamentalmente á venda de gando vacún, esmoreceu na década de 1960.

Non se menciona en Ensenada nin Madoz. Tampouco posuímos atestacións máis antigas.

4.2. Campo(s) de Pazos

Pazo representa o resultado patrimonial do latín PALĀTIUM: PALĀTIU(M) > *paço* > *pazo*. A forma *pala-cio*, incorporada á lingua tardiamente, é solución semiculta. Para a etimoloxía de *campo* cfr. 4.1.

Non é necesario recorrer á existencia dun pazo señorial na localidade para xustificar o topónimo. Segundo Elixio Rivas (1976: 363), a forma PALĀTIUM, con herdanza abundosa na toponimia de Galicia, facía referencia á casa do dono dunha granxa ou propiedade rural (as coñecidas como VILLAE) en época romana e xermánica. Moralejo Álvarez (2007: 296-297), en cambio, prefere reconstruír un indoeuropeo *PALATIO, termo que designaría antigas paraxes onde os pastores recollían o gando da intemperie, harmonizando co sentido etimolóxico de *Pastoriza* (cfr. § 4.5). En calquera caso, ha ser ao longo da Alta Idade Media cando a forma *paço* perfile o seu significado para pasar a sinalar a edificación onde reside unha familia nobre, acepción que conserva na actualidade. Malia existir nas proximidades do lugar un pazo señorial, do que hoxe só se conserva a capela, non parece probable que a motivación orixinal do topónimo asente nel, tendo en conta que *Pazos*, forma plural, referencia necesariamente un conxunto de elementos.

Cómpre sinalar que na fala local o topónimo vacila entre as formas *Campos de Pazos* e o singular *Campo de Pazos*, talvez hoxe máis frecuente.

A aldea carece de atestacións antigas.

4.3. [Cural, O]

Un *curral* é un espazo situado preto dunha casa labrega onde se ceiban certos animais domésticos, se gardan os apeiros ou o carro, a leña ou o toxo etc. (DRAG). No DCECH (v. II: 202-206) barállase a relación entre *curral* e *curro* 'curral, xeralmente de pequenas dimensións' (cast. *corral* e *corro*) e chégase á conclusión de que *curro*, máis raro na Idade Media e menos extenso do punto de vista xeográfico, é derivación regresiva de *curral*. Deste xeito, propónse como étimo máis probable o latín vulgar *CŪRRALĒ, procedente do latín CARRUS. Corominas/Pascual tentan explicar o [u] de *curral* e *curro* a partir dunha presumible acción metafónica de -o en *curro*, logo estendida a *curral*. Semella máis sensato, no entanto, ter en consideración un fenómeno fonético que conta con plena vitalidade na fala galega moderna: a inestabilidade da vogal posterior en posición pretónica, perfectamente ilustrada no par *covelo/cuvelo*, xa tratada neste mesmo traballo (cfr. § 3.5). De feito, a vacilación *curral/corral* mantense viva no territorio galegófono (García 1985: 245), cun predominio de *curral* sobre *corral* que se remonta xa á Baixa Idade Media (TMILG). Podemos afirmar, polo tanto, que o cambio analóxico se produciu de *curral* a *curro*, e non á inversa, como pensaban Corominas e Pascual.

Existen, con todo, outras teorías. Krüger (1956: 125-146) presupón a existencia dunha raíz *CORR- 'círculo', talvez celta, a xulgar pola existencia dunha base *COR- en dialectos celtas co mesmo significado.

A escolla do nome da localidade debe proceder dunha primeira currada en torno á cal foi medrando a aldea, nun proceso metonímico altamente rendible na xeración de toponimia delexical (cfr. § 5.2).

O lugar, ausente no NG, carece de atestacións medievais e tampouco se rexistra en Ensenada e Madoz.

4.4. Senra, A

Os substantivos comúns *senra* e *seara* contan con plena vitalidade na fala popular, onde podemos atopalos co sentido xenérico de ‘campo sementado de trigo ou outros cereais’ ou co máis específico de ‘parcela de monte roturada para sementar trigo ou outros cereais’ (DRAG; Navaza 2007a: 57). Corresponden co leonés *senara* e co castelán *senra*.

Corominas/Pascual fan derivar a palabra de **SENARA* ‘campo que se labra á parte’, composto de *AR-* ‘labrar’ e *SEN-*, prefixo que indica separación (DCECH v. V: 221). Estes autores cren que a orixe do termo é celta, pois só se rexistra no norte e centro da Península, mentres que é descoñecido en aragonés e catalán. Contra o que opinan Corominas e Pascual, para quen *senra* e *seara* esixirían do étimo unha cantidade vocálica de seu, consideramos que a evolución **SENARA* > **séara* xustifica sobradamente ambos os resultados: *senra* reflicte a síncope da vogal postónica mentres que en *seara* permea un desllocamento acentual cara ao núcleo vocálico máis aberto dos dous que forman o hiato (cfr. exemplos similares en Martínez Lema 2010).

As dúas variantes constitúen formas rendibles na toponimia galega, con máis de trinta resultados para cada unha no NG e un número maior na microtoponimia (PTG). Non existe un estudo de carácter xeolingüístico que confronte *senra* e *seara*, mais os resultados que nos ofrece a toponimia non nos permiten distinguir áreas dialectais definidas. De feito, as dúas solucións parecen convivir nun mesmo territorio. Por exemplo, na parroquia de Ferreira, concello de San Sadurniño, atopamos dúas entidades de poboación chamadas *A Senra* e *A Seara* (NG). O mesmo sucede en Porto do Son, onde existen senllas terras chamadas *As Senras* e *As Searas* (PTG). Será que representan variantes formais dun mesmo semema ou serán lexemas con matices semánticos distintos? Limitámonos a achegar este dato á espera de que un traballo de campo verta luz sobre esta cuestión.

A localidade aparece mencionada no dicionario de Madoz (1846-1850 v. XIV: 590).

4.5. Pastoriza

O substantivo *pastoriza* pertence á mesma familia de *pasto* (< *PASTU*) e *pastor* (< *PASTORE*), cun sufixo *-ICIA*, feminino de *-ICIUS*, tamén presente en *vacariza* e *porcariza* (Navaza 2006: 400). A motivación orixinal do topónimo podería responder a calquera dos dous sentidos que a lexicografía galega clásica lle atribúe ao termo: ‘terreo de pasto abundante’ e ‘albergue para pastores’ (DdD). A localidade, estremeira co concello de Lousame, atópase ben afastada doutras entidades de poboación de Taragoña, monte arriba. A xeomorfoloxía da aldea e o seu carácter de enclave illado lévannos a pensar que outrora fose lugar de pastoreo e é moi probable, en consecuencia, que daquela acollese casetas para uso dos pastores.

Pastoriza é un topónimo frecuente en Galicia. Dálle nome a un concello da comarca da Terra Chá, a dúas parroquias dos concellos de Arteixo e Pastoriza e 16 localidades das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra (NG). De xeito consecuente co seu significado etimolóxico, abunda tamén como microtopónimo (PTG),

O lugar aparece mencionado no catastro de Ensenada e no dicionario de Madoz (1846-1850 v. XIV: 590).

5. ECOTOPÓNIMOS

5.1. Castriño, O

Diminutivo de *castro*, do latín *CASTRU(M)* ‘castelo, fortaleza’. Designa un tipo de asentamento prehistórico característico do NO peninsular, se ben pode referirse tamén a outra clase de edificacións de características semellantes ou mesmo a unha elevación do terreo onde existise ou puidese existir un castro (Martínez Lema [2012]). Os motivos que impulsaron á escolla do topónimo

están claros, pois a aldea asenta sobre os restos dun castro, hoxe apenas perceptible por mor da construción de casas no lugar.

Aparece mencionado no dicionario de Madoz (1846-1850 v. XIV: 590).

5.2. Igrexa, A

Igrexa procede do latín *ECCLESIA*, cunha evolución anormal $-CL- > -gr-$, contra o máis habitual $-CL- > [Ĭ]$, coma en *APÍCULA* $>$ *APIC'LA* $>$ *abella*. É, con todo, forma patrimonial, aínda que estivo suxeita ao influxo cultista da institución eclesiástica, que a apartou da deriva habitual.

As *ECCLESIAE* eran na súa orixe comunidades de crentes e só despois pasaron a designar, por metonimia, os templos relixiosos, acepción que hoxe conservan e coa que xa cristaliza na toponimia galega (Santamarina 2008a: 937-938). Nun outro xiro metonímico, o substantivo *igrexia*, xa empregado no sentido de 'templo' e non exclusivamente no de 'comunidade de devotos', pasou a nomear o núcleo de poboación que xurdiu en torno ao edificio relixioso. Trátase dunha estratexia de xeración de topónimos que podemos vincular á do Curral (*cfr.* § 4.3).

5.3. [Porto, O]

Do latín *PÖRTU(M)* 'porto', pronunciado con vogal tónica media pechada por acción metafónica de $-u$. O lugar esténdese desde o camiño que baixa da localidade da Igrexa cara ao porto de Taragoña.

5.4. [Torre, A]

Coñécese como *A Torre* un lugar da parroquia de Taragoña situado nas inmediacións da praia do mesmo nome que se estende a carón da desembocadura do Té (tamén coñecido como *Río da Torre*) na ría da Arousa (*cfr.* § 7.4).

O topónimo remítenos automaticamente ao latín *TÜRRE(M)* 'torre'. Non hai problema ningún para suxerir o tal étimo, sobradamente recoñecible na toponimia románica e para o cal podemos atopar unha motivación orixinal sensata, pois a praia e o lugar así chamados asentan preto do lugar onde outrora se erguía o castelo da Lúa, probablemente erixido por Paio Gómez Charriño no século XIII e derruído polos Irmandiños na segunda metade do XV. Con todo, a existencia dun río homónimo obríganos a considerar outras perspectivas.

É sabido que os nomes dos ríos visibilizan moitas veces lexemas de estadios lingüísticos remotos que sobreviven ao paso do tempo e que nos fornecen información valiosísima sobre as linguas que se falaban antes da romanización. Eles dan lugar, en moitos casos, a hidrotopónimos que pasan designar as terras próximas ao curso da auga, como acontece con *Té* (río) $>$ *Té* (localidade). Pois ben, aplicando esta tendencia ao caso que nos ocupa, o lóxico sería pensar que o nome orixinal (*A Torre* sexa o do río, referencia que nun segundo momento empregaría a poboación para nomear a praia e o lugar. Daquela, cabe a posibilidade de que detrás do nome desta corrente de auga (e a partir del o da praia e a localidade) se atope un herdeiro da raíz prerromana $*_{TUR(R)-}$ 'fonte, río', que segundo Adrados (2001: 571-574) dispuxo de valor apelativo ata o século X e acabou confundíndose co substantivo *torre*. A presenza do artigo, inusual en raíces hidronímicas deste tipo, pode xustificarse sen problema polo cruzamento co substantivo romance.

Con todo, Edelmiro Bascuas (2005: 288-290) ve problemas na hipótese de Adrados, pois os topónimos que el recolle como supervivente de $*_{TUR(R)-}$ poden ser explicados a partir de *TÜRRE(M)*. No que aquí interesa, debemos ter en conta que *río da Torre* é unha denominación alternativa e secundaria con respecto a *Té*, moito máis frecuente (*cfr.* § 7.4). Sería estraño que dúas denominacións tan antigas, provenientes ambas de raíces prerromanas, sobrevivisen á contemporaneidade para nomear o mesmo curso de auga. É máis doado asumir que o nome *río da Torre*, creado

xa en época romance, xurdisse como alternativa ao principal, este si prelatino, por ser o río que desemboca na praia homónima.

A localidade non figura no NG nin dispoñemos de documentación antiga en que se mencione. Ou será que aquel *Johan Rrodrigues da Torre* citado nun documento do LNotasRianxo (116) relativo á parroquia de Taragoña fai referencia ao lugar?

6. LITOTOPÓNIMOS

6.1. Corques

Paulo Martínez Lema (2010: 155-161) achega na súa tese de doutoramento unha hipótese etimolóxica plausible para este topónimo, caso único no NG, que permanecía sen estudar. O lingüista pon en relación *Corques* con outros nomes de lugar coma *Corcubión*, *Corcoesto* (Cabana de Bergantiños) e *Córcores* (Avión), por citar só os galegos, e a partir deles propón unha raíz prerromana *KORK-, cuxo significado, no entanto, non é doado inferir. Martínez Lema ofrece dúas posibilidades: ben que estea relacionada co indoeuropeo *(s)KER- ‘xirar, curvar’, ben que entronque co radical prelatino *KAR(R)- ‘pedra, rocha’. Ao autor chámalle especialmente esta última opción, que encaixa ben coas características físicas da forma que a el máis lle interesa, isto é, *Corcubión*, aínda que apunta á necesidade de constatar os trazos orográficos nas entidades de poboación asociadas ás distintas expresións toponímicas arriba mencionadas. O nome da nosa localidade, lugar pedregoso, semella darlle a razón. Martínez Lema suxire que *Corques* puido contar cunha fase previa **Corcas*, con posterior relaxamento de *a* postónico final, fenómeno que neste traballo se lle supón tamén ao topónimo *Cuvide* (< **Covida*) (cfr. § 11.1). De todos os xeitos, a ausencia de atestacións medievais obriga a ser cautelosos neste terreo.

O lugar aparece mencionado no dicionario de Madoz (1846-1850 v. XIV: 590).

6.2. Laxe, A

Laxe ‘pedra lisa e de grandes dimensións’ procede do latín hispánico LAGĒNA, talvez de orixe celta (DCECH v. III: 560). A evolución LAGĒNA > *lágĕa* permite explicar os dous resultados que atopamos hoxe en galego: *laxe* e *laxa*. É forma frecuentísima na toponimia galega, en consonancia coas características orográficas dun país pedregoso, con máis dun cento de resultados no NG.

A carón da *Laxe*, ás veces chamada *A Laxe Grande*, especialmente en contextos ambiguos, sitúase outra localidade coñecida como *A Laxe Pequena*. É probable que as denominacións *A Laxe de Arriba* e *A Laxe de Abaixo*, hoxe desaparecidas en favor de *A Laxe Pequena* e *A Laxe*, respectivamente, fosen dominantes noutro tempo, pois así se recollen no dicionario de Madoz (1846-1850 v. XIV: 590): *Lage de Arriba*, *Lage de Abajo*. No *Nomenclátor* só figura *A Laxe*. O lugar rexístrase na documentación consultada desde o século XVIII, no catastro de Ensenada.

6.3. [Laxe Pequena, A]

Cfr. § 6.2.

6.4. Pedriñas, As

O substantivo *pedra* e variantes (*pedriña*, *pedroso*, *pedreira*, *pedregal*, *pedrouzo* etc.) ofrécennos, en Galicia, un repertorio extenso de nomes de lugar, que supera a barreira do medio milleiro de rexistros no NG. Formas frecuentísimas tamén na microtoponimia (PTG), o éxito dos sobreviventes galegos do latín PĒTRA asenta nas características xeolóxicas do territorio. Son, pois, formas semanticamente transparentes. Nalgúns casos, a orixe da denominación asenta nunha rocha ou conxunto de rochas que destacan no espazo local, como semella claro en exemplos coma

A *Pedra Grande* (Santa María de Pastoriza, Arteixo) ou *Pedras Brancas* (Guísamo, Bergondo). No entanto, cremos que a motivación do nome da nosa aldea non responde tanto a un conxunto de rochas definidas na paisaxe como á mesma constitución do terreo. Neste sentido, o topónimo, non por acaso marcado en diminutivo plural, entraría en relación directa cos varios (*A/s Pedreira(s)* e (*O) Pedregal* que se reparten polo territorio galego e que sinalan terreos cubertos de pedra.

Non dispoñemos de atestacións medievais da localidade nin se menciona no catastro de Ensenada nin no dicionario de Madoz.

7. HIDROTOPÓNIMOS

7.1. Fonte Susán

Fonte ‘lugar onde mana a auga’ e, máis especificamente, ‘construción por onde sae a auga’ (DRAG: 567) procede do latín FŌNTE(M). Pola súa parte, *Susán* deriva do latín vulgar *SUSANA ‘de arriba’, derivado de SŪSUM ‘cara a arriba’, equivalente de SŪRSUM (Moralejo Laso 1977: 107). Etimoloxicamente, *Fonte Susán* significa, pois, ‘fonte de arriba’.

Susán representa a forma occidental herdeira de *SUSANA, de acordo cunha evolución do tipo *SUSANA > *susāa* > *susán*, paralela á dos femininos *irmán* (< GERMANA) e *Fontán* (< FONTANA). O resultado esperable no centro e oriente de Galicia, con perda total da nasalidade, rexistrámola en formas coma *Susá* ou *Vilasusá*.

Na relación de localidades da parroquia de Taragoña, o dicionario de Madoz menciona *Fuente* e *Susán* como topónimos individuais (Madoz 1846-1850 v. XIV: 590). Trátase simplemente dun erro.

7.2. Iñobre

Os topónimos galegos rematados en *-obre* contan cunha longa tradición de estudo que se remonta ao *Onomástico* de Sarmiento, quen os daba por xermánicos, suevos ou visigodos (Moralejo Laso 1977: 50). Hoxe sabemos que a súa antigüidade foi maior. Os traballos aparecidos ata o momento coinciden en sinalar o seu carácter prerromano, concretamente celta. A tese clásica débemoslla a M. H. d’Arbois de Juvainville, que no limiar do século XX considerou formas do tipo *Canzobre*, *Fillobre* ou este noso *Iñobre* como derivados de anteriores en *-O-BRIGA*, quere dicir, compostos do lexema celta BRIGA ‘altura fortificada’ (Moralejo Laso 1977: 50). Malia a opinión de Menéndez Pidal (1968: 186-187), que vía neles un etnónimo da antiga tribo celta dos ártabros tornado sufixo adxectivo, a opinión máis aceptada na actualidade parte das premisas de d’Arbois e entende a terminación *-obre* como herdeira de BRIGA. Así o pensan Moralejo Laso (1977), Búa/Lois (1995), Villar (1995) e Blanca Prósper (2002). Tendo en conta a afinidade semántica do celta BRIGA co latín CASTRUM, podemos concluír que estes topónimos designan o tipo de asentamento prehistórico que coñecemos co nome de *castro* (Navaza 2011: 12-13) (cfr. § 5.1).

Sobre o primeiro elemento desta forma existen máis dúbidas. Prósper (2002: 377) propón unha raíz indoeuropea *(P)EN-YO ‘pantano’, con caída de *p-* inicial, como é habitual en celta, comparable a (*Rego da*) *Iña* (Cerceda, Ordes, A Coruña) ou ao nome do río austríaco *Inn*. A percepción de *Iñ-* como raíz hidronímica encaixa ben co sentido doutro topónimo formalmente moi próximo, *Illobre*, que é doado de vincular co substantivo *illó* ‘manancial, braña’, se ben Prósper ve en *Illobre* unha raíz ILIO- ‘inflando, turxente’. Á falta dun traballo máis extenso sobre a materia, a tese de Prósper debe ser ofrecida como provisional.

A localidade aparece mencionada nun documento do TToxosoutos (609) do ano 1289: *Ignoure, Ygnoure* (Martínez Lema 2008: 276). No LNotasRianxo (92, 93, 133) figura como *Inobre* e *Ynobre* (a. 1457).

7.3. Taragoña

O nome da parroquia reflicte unha raíz indoeuropea *TER- ‘fretar, atravesar’, con variante *TAR-, que detectamos en hidrónimos europeos (Bascuas 2005: 237-242). Con todo, nas rías de Arousa e Muros existen unha serie de nomes de lugar que comparten con *Taragoña* a presenza dun radical *tar-*, mais que non parecen posuír valor hidrotponímico: *San Xián de Tarás* (Outes), *Tara* (Ribasieira, Porto do Son), *As Taras* (Posmarcos, Pobra do Caramiñal) e os diminutivos *A Tarela* e *Tarela*, localidades das parroquias de Noal e Queiruga (Porto do Son). Edelmiro Bascuas (2005: 262) cre que este grupo de topónimos se relacionan co substantivo feminino *tara* ‘relevo rochoso’, que no *Apéndice ao Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, de Eladio Rodríguez, figura como forma propia do Courel (DdD), mais que debeu ser un lexema xeral na Península, a vulgar pola pegada toponímica. Aceptada a hipótese de Bascuas segundo a cal *tara* procede da raíz *ter- arriba mencionada, concluímos que os nomes de lugar herdeiros do indoeuropeo *ter-/*tar- poden ter sentido ora hidronímico, ora oronímico. De entrada, a *Taragoña* acáelle mellor a categoría de hidrotponónimo, pois, do punto de vista lingüístico, os sufixos *ko* + *on* + *io* son frecuentes na lingua da hidronimia e, dunha perspectiva xeográfica, a parroquia érguese sobre o val dun río. Emporiso, supoñerlle valor oronímico non é absurdo, dado que a freguesía conta con puntos de altitude relativamente importantes e, por outra banda, o sentido harmoniza coa toponimia veciña.

En todo caso, podemos reconstruír sen problemas unha forma prerromana *TARAKONIU, emparentada directamente co catalán *Tarragona*. A forma medieval, en consonancia co étimo proposto, era *Taragonio*, con -o final. Bascuas (2005: 264) explica a evolución *Taragoño* > *Taragoña* a partir dunha solución intermedia **Taragoñe*, coa vogal átona final debilitada, coma en *Pedrido/Pedride*. Afirmo o autor: "En este proceso puede mantenerse durante mucho tiempo la vacilación entre la forma originaria y la debilitada, llegándose con frecuencia al olvido de la primera" (Bascuas 2005: 264). Esquecida a solución primitiva, *Taragoña* xurdiría dunha ultracorrección, como acontece cos topónimos *Tarnas* (< *Tarnes*) e *Tállara* (< *Taliar* < **Taliare*).

O cambio debeu producirse cara a finais do século XV, comezos do XVI. Ata a segunda metade do XV só rexistramos a solución etimolóxica. Así, en 1457, o LNotasRianxo (93, 110, 115, 118, 129-131, 133, 144, 162-163) recolle sistematicamente a solución con -o. O mesmo sucede con senllos documentos inéditos do Arquivo Catedralicio de Santiago dos anos 1465⁸ e 1485⁹. Con posterioridade a esta última data, polo menos desde 1539¹⁰, a forma moderna xa é a regular e, no sucesivo, única. Quere isto dicir que nun período comprendido entre 1485 e 1539 tivo que producirse a evolución *Taragoño* > *Taragoña*. Por maior abastanza, debemos ter en conta que a evolución -oño > -oña tamén se produce en *Carantoña* (< *Carantoño*), aínda que neste caso a mudanza pódese explicar por analoxía co substantivo feminino *carantoña* ‘aceno que deforma o aspecto normal do rostro’, xa recollido por Sarmiento (TILG). No canto de reconstruír unha forma intermedia **Taragoñe*, non documentada, está xustifico concibir o fenómeno coma un caso máis sinxelo de disimilación, apoiado na harmonía coas vogais pretónicas e a analoxía con palabras do léxico común coma *vergoña*, *cegoña* ou o propio *carantoña*.

Tense afirmado que a primeira mención documental da parroquia se remonta ao capítulo LXX do libro primeiro da *Historia Compostellana* (s. XII). Nel recóllese unha doazón da raíña

⁸ Sinatura: P 001 fols. 355r-355v.

⁹ Sinatura: LD 16 fols. 11r-11v.

¹⁰ Lida a forma *Taragoña* nun documento inédito do Arquivo Catedralicio de Santiago con sinatura P. 12/1 fols. 461r-462v.

Urraca á igrexa de Santiago onde se menciona unha localidade da terra de Postmarcos chamada *Trenonzum* (HC 125). Mais *Trenonzum* ben puidese referirse á aldea de *Trevonzos*, freguesía de San Vicenzo de Cespón (Boiro, Barbanza). Por este motivo, consideraremos que o primeiro testemuño seguro de Taragoña se atopa nun documento do TToxosoutos datado en 1139: *Taragonio* (TToxosoutos 608).

7.4. Té

Té é o nome dun río, tamén chamado *da Torre* (cfr. § 5.4), que nace ao pé do Monte Muralla, na parroquia do Araño, e que atravesa as parroquias de Taragoña, Asados e Rianxo ata morrer na ría da Arousa. Ademais, é o nome dun lugar da parroquia de Taragoña, estremeiro coa de Rianxo, que se sitúa á beira do río. O hidrónimo e o hidrotopónimo derivado deben reflectir un radical paleoeuropeo *TĀ- ‘derreterse, fluír’, con variante *TE-, que permea por detrás do nome do río *Tea*, afluente do Miño, de nomes de lugar coma *Teaño* (Santa Baia de Boiro, Boiro; Estacas, Cuntis), *Teaio* (San Xoán de Laiño, Dodro) ou *Teáns* (Oleiros, Salvaterra de Miña) e mesmo do substantivo *tea*, nome dun peixe que Santamarina recolle en Arcade, zona próxima ao río homónimo (Bas-cuas 2005: 55-56, 106).

A localidade menciónase no catastro de Ensenada e mais no *Diccionario geográfico-estadístico-histórico* de Madoz (1846-1850 v. XIV: 590).

8. HODOTOPÓNIMOS

8.1. Cruceiro, O

Un *cruceiro* é unha gran cruz de pedra, lisa ou con figuras esculpidas, sobre unha longa columna asentada nunha plataforma, que se sitúa principalmente nas encrucilladas, á beira dos camiños, nos límites das parroquias e nos adros das igrexas (DRAG). Deriva de *cruz*. Sobre a motivación, significado e extensión do topónimo cfr. § 8.2.

8.2. Cruz, A

É vocábulo semiculto. Procede do latín CRŪCE(M) ‘cruz’, con apócope de -E e mantemento de ū como [u], con certeza por influencia eclesiástica. Como topónimos, (A) *Cruz* e (O) *Cruceiro*, nomes semanticamente afíns, abundan en toda Galicia. O NG ofrécenos máis de cen resultados para cada lexema e son frecuentísimos tamén como microtopónimos (PTG). Navaza (2007a: 53) dá no cravo da dificultade para coñecer o significado exacto destes dous nomes de lugar:

Os substantivos *cruz* e *cruceiro* están moi presentes na toponimia, se ben en moitos casos non é doado coñecer con precisión a motivación e o significado orixinais dos topónimos que os conteñen, pois unhas veces aluden a unha cruz erixida no lugar, de pedra ou doutro material, e outras veces simplemente fan referencia a unha encrucillada viaria, cun uso tradicional do substantivo *cruz* hoxe ameazado na fala polo castelanismo *cruce*. Dado que era habitual erguer os cruceiros nas encrucilladas dos camiños, ambos os significados van unidos con frecuencia e non sempre podemos saber cal deles deu orixe ao topónimo.

Da observación de Navaza concluímos que a existencia dunha cruz de pedra no lugar do Cruceiro non nos permite inferir que ela fose a que dese pé á denominación da aldea, que ben puido recibir o seu nome polo motivo máis xeral de situarse nun cruzamento de camiños. Na localidade da Cruz, en cambio, non se conserva cruceiro ningún, mais o feito de que a aldea se erga sobre unha intersección viaria obríganos a ter en consideración a posibilidade de que

outrora houbese unha cruz no lugar e que ela fose a causante do nome. En definitiva, concluímos que o sincretismo formal entre os sememas ‘encrucillada’ e ‘cruz de pedra’, precisamente motivado polo feito de que as cruces de pedra se sitúen nas encrucilladas, fai imposible que coñezamos cal dos dous significados se atopa por detrás do nome destas dúas localidades.

Os lugares da Cruz e do Cruceiro figuran no dicionario de Madoz (1846-1850 v. XIV: 590), no caso deste último, na súa forma castellanizada, *Crucero*.

8.3. [Revolta, A]

Formado a partir de *volta*, resto participial do latín vulgar *VOLTARE ‘facer rodar’, ‘facir ir e vir’, ‘desenvolver’, latín clásico VŎLVĒRE (Marqués 2003: 838). O topónimo pode ter o sentido de ‘parcela cultivable, xeralmente no monte’ (*terras de revolta*) ou ben designar un cambio de dirección nun río ou camiño (Navaza 2007a: 52). A teor da situación xeográfica do lugar, é obvio que a motivación do nome asenta neste segundo sentido, concretamente no viario.

É un nome de lugar especialmente abundante como microtopónimo (PTG). De acordo co *Nomenclátor*, designa, ademais, unhas 37 entidades de poboación da Comunidade Autónoma de Galicia, entre as cales non se inclúe a aldea que aquí tratamos (NG).

Non dispoñemos de documentación medieval onde se mencione a localidade. Tampouco se rexistra en Ensenada nin en Madoz.

9. FITOTOPÓNIMOS

9.1. [Brañas, As]

Unha braña é un terreo moi húmido que pode ser prado ou monte baixo (DRAG). É unha forma recorrente na toponimia, con 54 resultados no NG (incluídos derivados coma *Brañal* e compostos coma *Brañamoura*) e máis de 500 no PTG. En Taragoña, dá nome a dous lugares diferentes: un que se sitúa na zona comprendida entre Fachán e O Poste e outro que asenta nun camiño que conecta O Burato coa Torre. Ningún dos dous figura no NG. Porén, non son lugares habitados en data recente, como acontece, por exemplo, co *Curuto* (*cf.* § 3.6). Malia a que non podemos precisar se se trata dunha localidade ou da outra, xa o dicionario de Madoz recolle en Taragoña unha entidade de poboación chamada *Brañas*, polo que un dos dous lugares estaba habitado, cando menos, desde mediados do século XIX (Madoz 1846-1850 v. XIV: 590).

O substantivo é voz presente no léxico do NO peninsular: Galicia, Asturias, León e Cantabria. Non se rexistra na toponimia maior de Portugal (Navaza 2006: 102). A súa orixe é discutida. Carolina Michäelis, seguida por Menéndez Pidal, Meyer-Lübke e Piel, entre outros, propuxo unha base VERANĒA, derivada de VER ‘verán’. Para García de Diego, en cambio, procede de VORAGO, -INIS ‘terreo húmido, tremedal’. Pola súa parte, Corominas/Pascual e Elixio Rivas pensan que é un vocábulo prelatino: os primeiros sinalan unha forma celta *BRAKNA ‘lugar húmido’ mentres que para Rivas o lexema reflicte unha raíz hidronímica, tamén celta, *BAR- ‘auga’ (Palacio Sánchez 1981: 355-357).

9.2. [Bugallón, O]

É aumentativo de *bugallo* ‘excrecencia que se forma en certos vexetais, coma os carballos’. Sobre a orixe do termo, forma propia do galego, portugués e leonés, non existe acordo entre os etimólogos. Menéndez Pidal pensa nun cruzamento entre o latín BŪLLA ‘burbulla’ e GALLA ‘galada’ (DCECH v. I: 690) mentres que Elixio Rivas (1982: 153), seguindo a García de Diego, considera que o cruzamento se produciu entre BACA ‘baga’ e GALLA ‘galada’. Pola súa parte, Corominas/Pascual apuntan ao celta *BULLACA ‘bocha’ (DCECH v. I: 690). Ningunha destas propostas logran explicar a presenza da lateral palatal (Navaza 2006: 112).

Bugallo, ao lado do feminino *bugalla*, de idéntico significado, son formas produtivas na toponimia galega, con derivados coma (O/A) *Bugallal*, (A) *Bugalleira*, *Bugallido*, *Bugalledo*, *Bugallelas* ou este noso *O Bugallón*, que tamén identifica un lugar da parroquia de Cervás, en Ares. En total son 19 casos no NG e máis de corenta microtopónimos presentes no PTG.

Cabe a posibilidade de que *bugallón*, en orixe aumentativo, callase na toponimia xa como unha forma plenamente lexicalizada. Merino (1980 v. I: 44; v. III: 503) recollea como denominación de dúas especies de ranúnculo: o *Ranunculos Steveni*, tamén chamado *herba dos mendigos*, e o *Ranunculus flammula*. En todo caso, a natureza fitotoponímica de *O Bugallón* semella garantida (Navaza 2006: 112-113).

9.3. [Devesa, A]

Unha *devesa* é un terreo poboado de árbores, adoito valado ou cercado e xeralmente dedicado ao pastoreo (DRAG). Palacio (1981: 200) e Navaza (2006: 230) atribúenlle o significado máis restrinxido de ‘bosque de carballos’. En calquera caso, a idea de ‘terreo acoutado’ parece estar por detrás da súa motivación orixinal, pois os traballos etimolóxicos ata hoxe trazados coinciden en indicar a súa procedencia do latín tardío DEFENSA, participio de DEFENDERE ‘prohibir’ (DCECH v. II: 435).

No catastro de Ensenada menciónase un lugar chamado *Cova da Devesa*, onde na altura había un muíño. É difícil concretar se esa *devesa* se corresponde coa da nosa localidade.

10. ANTROPOTOPÓNIMOS

10.1. Cartomil

Trátase dun nome de lugar herdeiro do antropónimo xermánico CARTOMIRUS/CARTEMIRUS, composto da raíz *Cart-*, talvez relacionada co substantivo gótico GARDS ‘casa’, ‘granxa, curral’, e mais de *-mirus*, procedente de MEREIS ‘famoso’ (HGNC 106-107, 146; Boullón 1999: 169, 234). En Galicia existen as variantes *Cartemil* (Nogueira de Miño, Chantada; Román, Vilalba), *Cartimil* (Ventosa, Agolada; Siador, Silleda) e *Cartamil* (Amil, Moraña) (NG).

Ramón Barros Silvelo (1875) fixa no lugar a situación da mansión romana GRANDIMIRO do Itinerario de Antonino. Malia que non existen datos fiables que confirmen esta hipótese, a presenza dos romanos na parroquia está sobradamente documentada, pois a calzada PER LOCA MARITIMA, que unía Caldas de Reis con Betanzos, desenvolvía parte do percorrido por territorio de Taragoña (Comoxo/Santos 1997: 14).

A localidade recóllese no *Diccionario geográfico-estadístico-histórico* de Madoz (1846-1850 v. XIV: 590).

10.2. Chorente

O topónimo provén do antropónimo latino FLORENTIUS, derivado de FLORENS, -ENTIS, participio de presente de FLOREO ‘florece’. *Florentius* debeu ser un nome frecuente na *Gallaecia* altomedieval, a xulgar pola pegada documental (CODOLGA) e os resultados na toponimia, con seis rexistros para *Chorente* no NG: San Fiz de Amarante, Antas de Ulla; San Lourenzo de Nogueira, Meis; Moraimo, Muxía; Nemenzo, Santiago de Compostela; Ribas Pequena, Bóveda. Como a meirande parte dos topónimos galegos procedentes de antropónimos latinos, *Chorente* deriva dunha estrutura nominal con núcleo VILLA ou FUNDUS modificado polo antropónimo en caso xenitivo. Co tempo, o elemento nuclear VILLA (ou outro semanticamente afin) acabaría esvaecendo, de tal maneira que o topónimo, na súa forma moderna, só reflicte a forma antroponímica. Esquemáticamente: (VILLA) FLORENTI(I) ‘vila de Florentius’ > *Chorente* (Piel 1947a: 72; Kajanto 1982: 116, 233).

A localidade aparece nomeado por vez primeira en 1170, nun documento do TToxosoutos (635): *Churenti*. Figura, tamén, no LNAP (92): *Chorête* (92).

10.3. Ourille

Este topónimo tense considerado herdeiro de AURELII, xenitivo de AURELIUS, prenome latino que deriva dunha *gens* romana de orixe antiquísima relacionada cunha divindade solar (Boullón Agrelo 1999: 145). A denominación orixinaria do lugar debeu ser *(VILLA) AURELII, con posterior caída do elemento VILLA (ou outro similar), na liña do visto para *Chorrente* (cfr. § 10.2). De feito, a forma composta consérvase nos topónimos asturianos *Villaorille* (Las Agüeras, Quirós), *Villaoril* (Piñera, Navia; Taladrid, Ibias), *Villaoril de Bimeda* (Bimeda, Cangas del Narcea) e *Villaoril de Sierra* (San Pedro de Coliema, Cangas del Narcea). Na toponimia maior de Galicia só rexistramos a solución *Ourille* (Remesar, Bóveda; Vereá), ao lado de *Ourille de Arriba* (San Pedro de Ourille, Vereá) (NG). Debemos sumar, aínda, os norteños *Ouril* (Segude, Monção) e *Ourilhe* (Celorico de Basto), en Portugal, e mais *Orellana la Vieja* e *Orellana de la Sierra*, municipios da provincia de Badajoz, probables descendentes dunha vila romana AURELI-ANA (Piel 1947a: 178-179).

Son moitos os autores que defenden a pertinencia de remitir todos estes nomes de lugar ao antropónimo AURELIUS. Entre eles, cabe destacar a Piel (1947a: 178-179), para quen *Ourille*, por unha banda, e *Ouril/Oril*, pola outra, reflicten evolucións diverxentes do xenitivo AURELII: nun caso produciuse a palatalización da lateral alveolar seguida de /i/ (AURELII > *Ourille*) e no outro a apócope de -i latino final (AURELII > AURELI > *Ouril/Oril*). Machado (2003: v. III, 1107) non acredita nesta hipótese, dado que non explica a presenza da vogal *i* nos resultados romances, contra a máis esperable, que sería *e*. Certamente, de AURELI(i) deberan xurdir unhas formas románicas **Ourelle* e **Ourel*. No entanto, o CODOLGA fornécenos varios rexistros documentais que, desde o século VIII, dan constancia da existencia dunha forma AURILIUS, paralela a AURELIUS, na Gallaecia altomedieval, o que permite salvar as eivas apostas por Machado.

De máis difícil resolución se presenta o problema derivado da presenza documental antiga da nosa localidade. No LNotasRianxo (110-111, 119) (a. 1457) menciónase, en varias ocasións, a *Juã d'Ouril*, morador na freguesía de San Salvador de Taragoña. Se, como parece desprenderse da documentación citada, ese *Ouril* se corresponde co moderno *Ourille*, como se xustifica a evolución do topónimo? Aceptemos, pois, a hipótese de Piel e fagamos un breve repaso histórico pola denominación da aldea. O lugar sería bautizado, nun primeiro momento, como *VILLA AURELII. Co paso dos séculos, conxuntamente co devir do latín galaico en lingua románica, ese *VILLA AURELII (ou mellor, AURILII) tornaría *Ouril*, forma que atopamos, aínda, a finais da Idade Media. É dicir, de acordo cos datos que manexamos, o paso *Ouril* > *Ourille* tivo que producirse en época posmedieval. E esa evolución é dificilmente xustificable do punto de vista lingüístico. Como non dispoñemos de máis referencia documental cá do LNotasRianxo, poderíamos pensar que o devandito *Ouril* alude a un outro topónimo da parroquia, vivo aínda no século XV e desaparecido hoxe. En apoio desta teoría cabe apuntar un dato: non é estraño que dúas localidades compartan nome dentro das estremas dunha mesma freguesía; en Taragoña, poñamos por caso, temos o exemplos das Brañas (cfr. § 9.1). Porén, é altamente improbable que dous topónimos que designan lugares moi próximos (inscritos, ambos, nunha mesma fala local) compartan étimo e, ao mesmo tempo, reflictan camiños evolutivos diverxentes.

Sen outra posibilidade que barallar, limitámonos aquí a presentar o problema, coa certeza de que a descuberta de novos rexistros documentais poden contribuír a resolvelo.

10.4. Ourolo

Piel (1947a: 38) ofrece este topónimo como herdeiro do nome de posesor latino AURIOLUS, ao lado de AUREOLUS, diminutivo de AUREUS, derivado de AURUM 'ouro' (Kajanto 1982: 340). Así pois, *Ourolo*

provén do mesmo étimo ca *Ourol*, nome de varias entidades de poboación da provincia de Lugo (NG). Partindo dun xenitivo *(VILLA) AURIOLI chegamos por vía regular a *Ourol*, pero non *Ourolo*, dato non tido en consideración por Piel (1947a: 38). Con todo, o sufixo diminutivo latino -ŪLUS, que participa na creación do antropónimo AUREOLUS a partir de AUREUS, consolidou en galego, talvez por cruzamento con -elo (< -ĒLLUS), un resultado -olo (*paiolo*, *ferreirolo*, *cabezolo*), presente na lingua desde os primeiros momentos, paralelo á solución esperable -ó (*AVIŪLUS > *avó*) (Ferreiro Fernández 1997 v. II: 187-188). Nalgunhas formas, -olo convive coa variante -ol, coma en *pedrolo/pedrol* 'tipo de verme', *barolo/barol* 'balor' e mesmo *ourio/ouriol*, nome dun paxaro (tamén chamado *vichelocrego*) que procede da mesma base AUREOLUS ca *Ourolo* (DdD).

Cremos que desta maneira podemos xustificar o resultado romance sen necesidade de botar man de hipóteses máis conxecturais, como a proposta por Cabeza Quiles (1992: 322-323), para quen *Ourolo* reflicte unha base prerromana *OR ou *ORO 'monte, costa, val, altura', relacionada co posible preindoeuropeo *OR-R 'val entre montañas' e o grego *óros* 'monte, montaña, altura'.

11. TOPÓNIMOS DE ORIXE INCERTA

11.1. Cuvide

Caso único no NG e no PTG, o nome desta localidade de Taragoña presenta unha etimoloxía escura, feito ao que contribúe a ausencia de atestacións medievas. Cabe a posibilidade de que sexa un derivado de *cova* (< *CŌVA) (cfr. § 3.4), con pechazón da vogal pretónica nun grao igual á que se produce en topónimos afíns como *Covelo/Cuvelo* (cfr. § 3.5). Fala a favor desta tese a produtividade de *cova* na toponimia galega e o feito de existiren no dominio iberrománico solucións análogas con o pretónico: *Covide* (Braga e Porto), *Covides* (Burgos). Por outra banda, a situación xeográfica da localidade encaixa ben co sentido orográfico de *CŌVA 'depresión no terreo' (cfr. § 3.4). De ser certa esta teoría, o topónimo reflectiría un sufixo -ide (< -ida < -ETA), frecuente na formación de nomes de lugar: *Pedr-ide*, *Erm-ide*, *Escour-ide* etc (Navaza 2006: 224-225).

Con todo, non podemos descartar que se trate dun topónimo deonomástico. Ese mesmo sufixo -ide pode proceder do xenitivo dun nome de posesor latino en -ITUS, -ITI, coma en BONĪTI > *Buíde*, ou reflectir un antropónimo xermánico con desinencia -(H)ILDUS, -(H)ILDI 'combate', coma en *SAGILDI > *Sáides*. Porén, non temos constancia documental da existencia de ningún nome persoal prerromano, latino ou xermánico que xustifique o noso topónimo. Esa ausencia, unida á presenza das dúas localidades chamadas *Covide* en Portugal, mesmo nos permite elucubrar con que o étimo sexa un antropónimo hispanolatino construído sobre *CŌVA¹¹, do tipo *COVITUS.

Ningunha destas hipóteses é, en todo caso, definitiva. A falta de rexistros documentais antigos pode ser suplida no futuro e vir darnos novas pistas que inclinen a balanza nun sentido ou no outro.

11.2. Fachán

O DRAG recolle o substantivo *facho* coas acepcións (1) 'lume que se acendía antigamente para guía dos mariñeiros', (2) 'lugar elevado onde se acendía unha fogueira para guiar os barcos' e (3) 'fachuzo'. Este último significado compárteo co feminino correspondente *facha*. Son formas que tamén existen en portugués e que se identifican respectivamente co castelán *hacho* e *hacha*.

Corominas/Pascual (DCECH v. III: 301-303) fan derivar *facha* de *FASCŪLA, variante de FACŪLA, diminutivo de FAX, -CIS 'fachuzo'. É necesario supoñer que nalgún momento existise no latín hispánico unha forma *FASCŪLA para xustificar o resultado romance, pois o grupo CL que agromou da síncope da vogal postónica (*FASCŪLA > *FASC'LA) só puido dar africada en posición forte, isto

¹¹ Cómpre lembrar que *CŌVA é un lexema exclusivo do latín da Península Ibérica (cfr. § 3.4), o que levou a pensar a algúns etimólogos nunha posible ascendencia prerromana.

é, posconsonántica. Os autores explican a devandita forma por cruzamento entre *FACÜLA* e *FASCIS* 'feixe, monllo', facilmente relacionables do punto de vista semántico. Así pois, a base da cadea de formación debe ser *facha* e *facho* forma derivada que se especializou para referir as fogueiras prendidas para guiar os barcos. A existencia duns significados idénticos para o castelán *hacha* e *hacho* reforzan esta idea.

No entanto, o padre Sarmiento (DdD) dá noticia da voz *facho* empregada co sentido de 'lume que se prende nas atalaias para alertar da chegada de inimigos'. Segundo o erudito, os fachos prendíanse en puntos elevados próximos á costa para avisar a poboación dun ataque por mar, aínda que tamén se podían empregar nas zonas interiores de fronteira coa mesma finalidade. Sarmiento insiste en diferenciar os significados de *faro* e *facho* e de ningunha maneira lle reconece a *facho* o sentido de 'fogueira acendida para guiar os mariñeiros'.

Coas precaucións enriba trazadas, podemos supoñer que a cadea de formación sexa a seguinte: **FASCÜLA* 'fachuzo' > *facha* 'fachuzo' > *facho* 'lume prendido nun punto elevado (ben para a guía de barcos, ben para avisar da chegada de inimigos)' > *facho* 'lugar elevado onde se prende o facho (para guiar os barcos ou alertar dun ataque)'. Martínez Lema (2007: 193-194) e Fernández González (2007: 131-132) consideran que a forma *Facho* cristalizou na toponimia con este último sentido. É, polo tanto, un orotopónimo que define puntos altos do relevo.

Os nomes de lugar derivados de *facho* non son estraños en Galicia: *Fachelas*, *Os Facheiros*, *O Fachal*, *A Fachita*. O nome da nosa localidade cadra ben nese grupo. *Fachán* podería ser resultado dun proceso derivativo dese lexema mediante o sufixo *-ANUS*, *-A*, *-UM*, como en *FONT-ANU* (< *Fontán*, *Fontao*). Non existen argumentos lingüísticos que contraveñan esa posibilidade. No entanto, ben é certo que non rexistramos ningunha forma galega do tipo **Fachao*, **Fachau* ou similar que veña confirmar esa hipótese. Tampouco existe ningún **Fachão* en Portugal nin **Hachana* ou **Hachano* en España. *Fachán* é topónimo único. A ausencia de parentes directos leva a que, mesmo sendo certa a teoría que propoño, nin sequera poidamos saber se en orixe era solución masculina (orixinada a partir de *-ANU*) ou feminina (creada desde *-ANA*), pois o resultado local dese sufixo non permite distinguir formalmente a oposición de xénero. A ausencia de artigo tampouco dá para diferenciar. Por se isto fose pouco, carecemos de atestacións documentais antigas e o sentido toponímico de *Facho* 'terreo elevado' encaixa só relativamente coa xeomorfoloxía da localidade, encadrada nunha subida, pero que non constitúe un enclave demasiado alto.

Polo momento, ofrezco a hipótese dun posible étimo **FASCULANU* ou **FASCULANA*, á espera de que outros etimólogos expresen a súa opinión e vertan teses de seu.

11.3. [Meco, O]

No léxico común, *meco* existe na nosa lingua como substantivo e como adxectivo. Como substantivo, a lexicografía galega rexístrao con múltiples acepcións, entre as que cabe destacar: (1) 'home luxurioso'; (2) 'boneco que se queima ao acabar o Entroido'; (3) 'fantasma ou figura imaxinaria con que se lle mete medo aos nenos, coco'; (4) 'espantallo'; (5) 'verme que se cría na froita, na carne etc.'; (6) 'palabra, xesto, caricia etc, dito con moito cariño'; (7) 'trato cariñoso en exceso'; (8) 'actitude caprichosa propia da persoa á que se lle dá trato cariñoso en exceso' (DRAG; DdD). Como adxectivo, atopámolo usado como (9) 'estrábico, birollo'; (10) '[persoa] cos ollos moi claros'; (11) '[persoa, animal] sen unha orela, dúas ou parte dela'; e (12) 'moreno, de cor escura' (DRAG). En portugués posúe fundamentalmente os sentidos de 'home libertino', 'astuto, sagaz' e 'individuo, suxeito calquera' mentres que en español e en catalán dispón de varios significados vertebrados en torno á idea de 'carente, privado' (Martínez Estévez 1992: 527-528). Como xa advertiran Corominas/Pascual, resulta imposible asumir que todos estes sentidos procedan dun único étimo (DCECH v. IV: 47). Si parece factible, no entanto, reconecerlles unha etimoloxía

común ás acepcións 1-4 galegas e mais ás portuguesas, dada a afinidade semántica entre elas, que, con certeza, nos remiten á lenda do Meco, home luxurioso protagonista de varias historias de ton erótico e que foi utilizada para arremeter contra os galegos e os portugueses do norte. A burla parece antiga e, de feito, xa Sarmiento compuxo un par de escritos sobre a materia, dirixidos a defender o país das inxurias foráneas (Sarmiento 1992: 44-90). A opinión máis difundida sobre a orixe do nome desta figura mítica, apuntada por Bluteau e outros, faino derivar do latín *MOECHUS* ‘adúltero’ (DCECH v. IV: 47). De ser así, o termo entraría por vía culta, idea apoiada pola presenza da vogal media aberta do galego e portugués. Martínez Estévez (1995: 531-532), porén, rexeita esta teoría baseándose no carácter popular da forma, que a fai supoñer patrimonial, e defende a pertinencia de reconstruír un antigo **MICCU-* ‘castrón’, talvez de verbal do latín *MICCIO* ‘berrar o castrón’, que se relacionaría cun culto autóctono paralelo ao de Dioniso ou Atis.

Ambas as hipóteses contan con problemas de orde lingüística difíciles de resolver, mais, no que aquí importa, semella posible que o nome da localidade de Taragoña *O Meco* teña xénese nese mito, ben directamente, referindo de xeito explícito a personaxe, ben indirectamente, a través das acepcións que numerei como 2, 3 e 4. O sentido de ‘boneco que se queima ao acabar o Entroido’ parece moi probable para unha entidade de poboación así chamada de Santiago de Compostela, cidade que bota ao lume o Meco cada mércores de Cinza. Cabe tamén a posibilidade de que o topónimo reflecta o alcume dalgún antigo veciño do lugar, adeallo que se basearía en calquera dos sentidos que o adxectivo posúe en galego: ‘birollo’, ‘de ollos claros’, ‘sen unha orella, parte dela ou sen as dúas’ e ‘moreno’. Na zona, *meco* tamén é o nome dun tipo de embarcación, hipótese que non podemos descartar como motivación orixinal e que tamén parece posible para un accidente costeiro de Porto do Son chamado *O Cocho do Meco* (PTG). Menos probable parece a relación co topónimo madrileño *Meco*, cuxo sufixo *-eccu* lle dá aparencia de forma ibera (Galmés de Fuentes 1996: 36).

11.4. [Périto, O]

A interpretación popular atribúe a orixe do nome deste lugar situado a escasos metros do mar á profesión dun veciño que, segundo os fregueses máis vellos, morou na localidade tempo atrás e que exercía de *perito*, é dicir, enxeñeiro. Malia que un caso de etimoloxía popular non goza, en principio, de ningunha fiabilidade científica, neste caso pode estar no certo. Non existe problema lingüístico ningún que contraveña a hipótese, pois a palabra, cultismo tomado de *PÉRITUS* ‘experto’, manifesta popularmente unha dislocación do acento que a converte en proparoxítona, caso análogo ao de *estántiga*, *méndigo* ou *cántiga* (Ferreiro Fernández 1997 v. I: 212). Polo tanto, é posible que, como pensa o pobo, o nome da aldea proceda da profesión dalgún antigo veciño ou mesmo responda a un alcume orixinado a partir do sentido máis xeral de ‘sabio, erudito’.

11.5. [Poste, O]

É un topónimo de orixe problemática. En principio parece derivar do substantivo masculino *poste* ‘obxecto alongado que se chanta verticalmente para servir de apoio ou de sinal’, en galego probablemente cultismo ou semicultismo, do latín *PŌSTE(M)* ‘xamba dunha porta’ (DCECH v. IV: 619). Iso pensa Bértolo Ballesteros (2007: 238), quen fai derivar o nome dun microtopónimo de Soutelo dos Montes (Forcarei) así chamado “dun poste con transformador, que se puxo alí cando se trouxo desde Trasdamente a luz eléctrica”. O caso semella anecdótico de máis como para explicar as, cando menos, catro entidades de poboación e trece zonas non habitadas que en Galicia se chaman *Poste* ou compostos (NG; PTG).

Ares (1995: 68) relaciona o topónimo co substantivo feminino *posta* ‘lugar de parada situado nas estradas e camiños onde antigamente se efectuaba o cambio de cabalos das dilixencias’. Segundo o autor, a confusión entre *poste* e *posta* puido producirse por mediación do francés *poste*,

de significado idéntico ao galego *posta*, un galicismo que atoparía entrada no Camiño Francés. Aínda, Gonzalo Navaza (2007a: 36-37) relaciona o elemento *poste-* de *Postemirón* (Vilaboa) e *Posteporón* (Catoira) con *Busto*, cuxo sentido é o de 'lugar onde paxe o gando vacún'.

12. CABO

O presente traballo debера completarse coa recollida e estudo da microtoponimia de Taragoña, que de seguro achegaría datos lingüísticos de interese, alén de información relevante sobre o transcurso da vida na parroquia ao longo dos séculos. É tarefa pendente e de máxima urxencia, pois a urbanización paulatina do territorio e a morte dos veciños máis vellos ameazan con facer caer no esquecemento unha parte importante do patrimonio inmaterial da comarca e, en consecuencia, do país mesmo.

Agradecementos

Quero mostrar a miña gratitude a Ana Boullón e Paulo Martínez Lema, pola lectura atenta e as oportunas suxestións. O meu recoñecemento tamén para Ramón Lorenzo, que me deu as claves para interpretar *Ourolo*, e a Gonzalo Navaza, por abrimme os ollos co *Périto*. Por último, debo agradecerlle ao ILG, e especialmente a Raquel Vila Amado, que me facilitasen material inédito do ALGA para complementar as achegas deste traballo.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Álvarez Maurín, María del Pilar (1994): *Diplomática asturleonese. Terminología toponímica*. León: Universidad de León.
- Álvarez, Rosario / Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Ares, Nicandro (1995): "Toponimia do concello de Paradela", *Lucensia* 11, 65-76.
- Ares, Nicandro (2011): "Toponimia do concello das Nogais", *Lucensia* 43, 239-250.
- Barros Silvelo, Ramón (1875): *Antigüedades de Galicia*. A Coruña: [s.n.].
- Bascuas, Edelmiro (2002a): *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*. Anexo 51 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Bascuas, Edelmiro (2002b): "¿Cubelas o Covelas?", *Estudios Mindonienses* 18, 1049-1056.
- Bascuas, Edelmiro (2005): *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia*. Sada: Edicións do Castro.
- Bértolo Ballesteros, José Manuel (2007): "Toponimia menor en Soutelo de Montes", en José Raposeiras Correa (coord.), *A procura da nosa identidade de Terra de Montes*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra, 233-239.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1999): *Antroponimia medieval galega (séculos VIII-XII)*. Tübingen: Niemeyer.
- Búa Carballo, Juan Carlos / Servando Lois Silva (1995): "Los topónimos gallegos en '-bre' de origen prerromano", *Beiträge zur Namenforschung, Neue Folge* 29-30, 13-41.
- Cabeza Quiles, Fernando (1992): *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*. Vigo: Xerais.
- Cabeza Quiles, Fernando (2000): *Os nomes da terra. Topónimos galegos*. Noia: Toxosoutos.
- Catastro de Ensenada = *Catastro de Ensenada* (1751-1753). Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deportes. <<http://pares.mcu.es/Catastro/servlets/ServletController>>
- CCT = Comisión de Toponimia (2007): "Criterios da Comisión de Toponimia", en Luz Méndez / Gonzalo Navaza (eds.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega "Frei Martín Sarmiento"*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, 809-811.

- Comoxo, Xosé / Xesús Santos (1997): *A heráldica nas terras de Rianxo: brasóns e liñaxes*. A Coruña: Deputación da Coruña.
- DCECH = Joan Corominas / José A. Pascual (1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.
- DPLG = Xosé Luís Regueira Fernández (dir.) (2010): *Diccionario de pronuncia da lingua galega*. A Coruña: Real Academia Galega. <<http://ilg.usc.es/pronuncia/>>
- DRAG = Real Academia Galega (2012): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. <<http://www.realacademiagalega.org/diccionario/>>
- Fernández González, Frutos (2007): *Nomes do Ribeiro*. Galicia: Instituto de Estudos Carballiñeses.
- Ferreiro Fernández, Manuel (1997): *Gramática histórica galega*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Galmés de Fuentes, Álvaro (1996): *Toponimia, mito e historia. Discurso leído el día 15 de diciembre de 1996 en su recepción pública por el Sr. Álvaro Gelmés de Fuentes y contestación por el Sr. Rafael Lapesa Melgar*. Madrid: Real Academia de la Historia.
- García, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Anexo 27 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- García de Diego, Vicente (1985): *Diccionario etimológico. Español e hispánico*. Madrid: Espasa-Calpe.
- HC = *Historia Compostelana* (1965). Madrid: Real Academia de la Historia.
- HGNB = Joseph M. Piel / Dieter Kremer (1976): *Hispano-gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter.
- Hubschmid, Johannes (1955): "Praeindogermanica: 3. Altprovenzalisch 'cadarauc' «ruisseau des rues» und das vorindogermanisch Suffix -ouko", *Romance Philology* 8, 12-26.
- Kajanto, Iiro (1982): *The Latin Cognomina*. Roma: Giorgio Bretschneider Editore.
- Krüger, Fritz (1956): *Problemas etimológicos. Las raíces car-, carr-, y corr- en los dialectos peninsulares*. Madrid: Centro de Estudios de Etnología Peninsular.
- LNotasRianxo = Fernando R. Tato Plaza (1999): *Libro de Notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- López Boullón, Xosé Ramón et al. (2007): "Metodoloxía da enquisa toponímica: materiais e procedementos", en Luz Méndez / Gonzalo Navaza (eds.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega "Frei Martín Sarmiento"*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, 753-765.
- Lorenzo, Ramón (1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, vol. II. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijóo.
- Machado, José Pedro (2003): *Dicionário onomástico etimológico da língua portuguesa*. Lisboa: Confluência.
- Madoz, Pascual (1846-1850): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar*. Madrid: [s.n.].
- Marqués, Xulia (2004): *A toponimia de Trabada*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Martínez Estévez, Higinio (1992): "Vozes a resgate da memória", *Agália* 32, 525-534.
- Martínez Lema, Paulo (2007): "Orotoponimia da comarca do Barbanza no Tombo de Toxos Outos", en Joám Evans Pim / Bárbara Kristensen / Oscar Crespo Argibay (eds.), *Mocidade investigadora galega. Relatorios do primeiro congreso galego da mocidade investigadora*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 189-195.
- Martínez Lema, Paulo (2008): *Inventario toponímico do Tombo do Toxos Outos*. Noia: Toxosoutos.
- Martínez Lema, Paulo (2010): *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas na documentación do Tombo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*. USC. Tese de doutoramento inédita.
- Martínez Lema, Paulo [2012]: *Toponimia de Begonte e Rábade*. A Coruña: Real Academia Galega (no prelo).
- Menéndez Pidal, Ramón (1968): *Toponimia prerromana hispana*. Madrid: Gredos.
- Merino, R. P. Baltasar (1980): *Flora descriptiva e ilustrada de Galicia*. A Coruña: La Voz de Galicia. Edición Facsimilar
- Moralejo Álvarez, Juan J. (2007): *Callaica nomina. Estudos de Onomástica Gallega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Moralejo Laso, Abelardo (1977): *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago de Compostela: Editorial Pico Sacro.
- Navaza, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Navaza, Gonzalo (2007a): *Toponimia de Catoira*. Catoira: Concello de Catoira.
- Navaza, Gonzalo (2007b): "Topónimos da parroquia", en *Rebordechán. A nosa memoria*. Vigo: Asociación Cultural Amistade, 13-68.

- Navaza, Gonzalo (2011): "Galicia", en X. Ll. García Arias (coord.), *Toponimia hispánica. Origen y evolución de nuestros topónimos más importantes*. Valencia: Denes, 13-36.
- Nieto Ballester, Emilio (1997): *Breve diccionario de topónimos españoles*. Madrid: Alianza.
- Oríg. = Ramón Menéndez Pidal (1968): *Orígenes del español. Estado lingüístico de la Península Ibérica hasta el siglo XI*. Madrid: Espasa-Calpe (6.ª edición).
- Palacio Sánchez, José Antonio (1981): *Toponimia del ayuntamiento de Pantón (Lugo)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Piel, Joseph M. (1947a): "Nomes de 'possessores' latino-cristãos na toponímia asturo-galego-portuguesa", separata de *Biblos* 23, 1, 143-202; 23, 2, 283-40.
- Piel, Joseph M. (1947b): "As águas na toponímia galego-portuguesa", *Boletim de filologia* 8, 305-342.
- Piel, Joseph M. (1979): "Considerações gerais sobre toponímia e antroponímia galegas", *Verba* 6, 5-11.
- Pokorny, Julius (1959): *Indogermanisches etymologisches Wörterbuch*. Bern: Francke Verlag.
- Prósper, Blanca María (2002): *Lenguas y religiones prerromanas del occidente de la Península Ibérica*. Salamanca: Universidade de Salamanca.
- Rabanal, Manuel (1967): *Hablas hispánicas. Temas gallegos y leoneses*. Madrid: Ediciones Alcalá.
- Rivas Quintas, Eligio (1976): "La isoglosa Pazo/Pacio en Galicia", *Verba* 3, 356-364.
- Rivas Quintas, Eligio (1982): *Toponimia de Marín*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Rohlf, Gerhard (1951): "Aspectos de toponimia española", *Boletim de Filologia* 12, 229-265.
- Santamarina, Antón (2008a): "A pegada relixiosa na toponímia galega. 1. Edifícios relixiosos", en X. L. Axeitos / E. Grandío / R. Villares (eds.), *A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Universidade de Santiago de Compostela; A Coruña: Real Academia Galega, 935-949.
- Santamarina, Antón (2008b): "*Covelo, covela, cubelo, cubela*. Un problema gráfico e etimolóxico", en E. Corral Díaz / L. Fontoira Suris / E. Moscoso Mato (eds.), *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luis Couceiro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 609-629.
- Sarmiento, Martín (1992): *Escritos sobre "El Meco" y la "Cruz de Ferro"* (edición e estudo crítico por J. L. Pensado). Salamanca: Universidade de Salamanca.
- Silveira, Joaquim da (1913): "Toponímia portuguesa (Esboços)", *Revista Lusitana* 16, 147-158.
- TTXosoutos = Francisco Javier Pérez Rodríguez (ed.) (2004): *Os documentos do Tombo de Toxos Outos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Villar, Francisco (1995): *Estudios de celtibérico y de toponimia prerromana*. Salamanca: Universidade de Salamanca.

Recursos en internet

- CAG = Ana Isabel Boullón Agrelo / Xulio Sousa Fernández (dirs.) (2006): *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/cag/>>
- CODOLGA = José Eduardo López Pereira (1994-): *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. <<http://corpus.cirp.es/codolga/>>
- DdD = Antón Santamarina (dir.) (2003): *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza. <<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>>
- NG = Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia (2004): *Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. <<http://www.xunta.es/nomenclator/busca.jsp>>
- PTG = Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia (2000-): *Proxecto Toponimia de Galicia* (microtoponimia). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. <<http://sitgaideg.xunta.es/buscadora-avanzado/>>
- TILG = Santamarina, Antón (dir.) (1986-): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/tilg>>
- TMILG = Xavier Varela Barreiro (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/tmilg>>